

■ NOVEMBRO-DECEMBRO 2023

Revista Galega de Información Literaria - Ano 21 N.º 125

PVP 3 €



**Entrevista con Fran Fernández Davila, autor de *Groenlandia*,
último Premio Repsol de Narrativa Breve**

**Un mundo de libros
para agasallar neste Nadal**

Biblos

CLUBE DE LECTORES



Libres e diversos

Existe algunha posibilidade de que poidamos quedar inmunes ante a enchente de mensaxes que obvia calquera aspiración de verdade, de xustiza, de solidariedade, de procura de utopías...? Temos no mundo no que vivimos unha mínima opción de non sermos manipulados, de confiar na veracidade dos datos que recibimos, de soñar cun futuro que naza das nosas arelas e non da publicidade ou a propaganda, de aspirarmos a ser felices sen caer na desesperanza dos obxectivos que nos impoñen toda sorte de modas e crenzas alleas...? Sentímolo, pero estamos a facer meras preguntas retóricas para as que a resposta no seu conxunto é categoricamente negativa.

Como poderemos desbrozar entre tanta información interesada das guerras abertas e soterradas de Oriente Medio? De que modo atopar algo propio que dicir entre unha morea de visións parciais e arrevesadas arredor dos moitos temas que en España semellan conducirnos a un enfrontamento trágico? Podemos esquecer o problema ucraíno porque xa o tema omnipresente é outro? Asumir que os bos poden agora vingarse sendo máis crueis que os peores terroristas, esquecer que unha soa vida ten máis valor que todas as demais cousas xuntas? Temos algunha posibilidade fronte á IA que nos satura coa información que queren facernos chegar uns e outros ata empequenecer o noso xuízo, ata somerxermos na desesperación? A que nos machaca coa depresión de considerarmos uns ninguén porque nos falta tempo e coñecementos para peneirar debidamente toda esa enxurrada que ao mesmo tempo sabemos que esquece as opresións, as explotacións, as masacres, as fames, todas as violacións dos dereitos das persoas na maior parte do planeta? Probablemente hai que desertar da masa. Deixar atrás todas as bandeiras que nos converten en rabaños de seareiros visceralmente apegados a unha crenza relixiosa, a un partido político, a un equipo de fútbol, a un ídolo musical, a unha nación, a unha marca comercial ou a calquera outra cousa... e contribuír a mellorar a sociedade desde unha posición propia, todo o crítica e firme que sexa posible, pero aberta a procurar o entendemento. Buscar na cultura e nos libros as ferramentas necesarias pode axudar a lograr ese propósito (ou non, que neste clube tampouco temos por que ter a razón).

Carmela González

Directora



Biblos Clube de Lectores, S. L.

Quintá N.º 8 - Mandaio

15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com

email: subscritores@biblosclube.com

Depósito Legal: C 285-03

ISSN: 1697-7440

A Portada

Agasallemos letras! Neste Nadal, como vén sendo costume, suxerimos as letras como agasallo. En 1966 John Rieben creou un cartaz para a Biblioteca Pública de Chicago no que se dicía que existían 26 letras e que dentro tiñanas en interesantes combinacións. Pois iso, nós tamén.



Falamos dos galegos que estiveron en Mauthausen e da relación tóxica entre medios de comunicación e políticos

Este bimestre estivo na librería Biblos de Betanzos Alba Garrido, autora do libro *De Galicia a Mauthausen*, publicado por Galaxia, que recolle a súa investigación arredor dos máis de douscentos galegos que remataron nos campos de exterminio da Alemaña nazi. A autora deu un pouco de luz sobre as orixes, contextos, traxectorias vitais e experiencias daquelas persoas. Estivo acompañada de Ángel Arcay, director da Biblioteca, Museo e Arquivo Municipal de Betanzos. Non en van, catro das 83 persoas da provincia da Coruña deportadas a campos de exterminio procedían de Betanzos e a comarca. José Naveira Campos e Felipe Noguerol Otero, de Betanzos; José González Regueiro, de Paderne, e José López Rama, de Vilasantar.

Garrido Fernández manifestou que Galicia non foi un territorio tan leal ao golpe de estado de 1936 como se quixo facer ver. Que a presenza de galegos nos campos de exterminio da Alemaña nazi non se estudou coa mesma intensidade ca o fixeron cos seus en Cataluña ou Euskadi e que a investigación arredor da presenza de mulleres galegas nos campos de concentración é unha débeda aínda pendente. O xoves 26 de outubro, a profesora e xornalista Montse Dopico e Paulo Carlos López López, profesor de Ciencia Política na Facultade de Ciencias Políticas

da USC, acompañaron a Luís Álvarez Pousa na presentación do seu libro *Medios e políticos, baixo sospeita 1990-2023*. Os tres coincidiron no diagnóstico da grave situación actual na que existe un importante control económico por parte dos políticos sobre os medios de comunicación e alertaron contra o perigo que entraña para a sociedade a compra-venta de información que somete e menoscaba o dereito de todos a recibir unha información veraz. Paulo Carlos López presentou a Álvarez Pousa como un dos intelectuais máis recoñecidos no periodismo de combate e Montse Dopico conseguiu que se revelase como o xornalista de raza que sempre foi e segue a través dunha serie de preguntas arredor do libro. Pasou tamén pola librería Inma Soto Iglesias, autora do conto infantil *Xela a superheroína de aldeia*, dirixido a nenas e nenos de entre catro e nove anos.

Botando man da lectura do texto propuxo xogos relacionados e convidou a explorar e coidar a natureza que temos arredor. Xa que logo sorprende –e ás veces preocupa– a facilidade coa que se abraza o alleo para rexeitar o noso. Inma defínese a si mesma como tecedora de palabras e colladora “de sementes que agocha nos petos das persoas miúdas”. O conto forma parte dun proxecto de educación ambiental e está ilustrado por Clara Cerviño.

Os pedidos deste Nadal, mellor canto antes

Co obxectivo de que o tempo non se bote enriba, aproveitamos para lembrar a conveniencia de facer canto antes os pedidos de Nadal.



Fran Fernández Davila

ou o enxeñeiro que escribe para levar o estrés

“Para min é unha novela de aventuras cun toque policial e salpementada con humor”

As Azores, as súas paisaxes paradisíacas e o trasfondo volcánico e violento sobre as que se asentan son os protagonistas da novela coa que Fran Fernández Davila foi finalista do Premio Torrente Ballester do 2019 e gañou o Premio Repsol de Narrativa Breve deste ano. O texto combina o estilo dos libros de viaxes coa literatura romántica, policial e de aventuras. O xurado do prestixioso premio Repsol falou da novela como dun “mosaico literario de perfecto encaixe construído a través da intriga, do humor e unha pasarela de personaxes que, sen seren de ningures, sempre ficarán engaiolados nas illas Azores”.

—A novela non aborda a guerra do fletán, que enxendrou un conflito diplomático con Canadá, logo de que este país practicara a abordaxe dun pesqueiro galego. Pero si se relaciona con ela. “Estai”, Tobin e Canadá foron nese momento tres referentes que tiveron en vilo a opinión pública mundial e ao sector da pesca en particular. A que se debe vencella-la con este tema?

—En realidade, a novela non trata para nada sobre a guerra do fletán. De feito non se menciona en ningunha páxina. Sen embargo, úsase na sinopse para levar directamente ás lectoras e lectores de certa idade a un momento moi concreto das nosas vidas. Para o lectorado novo pode ser un acicate para saber que, durante uns poucos días do 1995, España e Canadá estiveron en guerra. O que pasa é que hai algo máis: a novela comeza cun naufraxio non explicado ao que non se volve. Un suceso traumático que desencadea todo un tsunami de sucesos. A que andaba o barco por Terranova? Por que afundiú? Esas son preguntas que prefiro que o lector ou lectora imaxine. Agora ben, o tema da novela son as illas Azores.

—Combina vostede o estilo dos libros de viaxes coa literatura romántica, policial e de aventuras. Unha mestura atractiva e moi suxerinte. Como foi o traballo da escrita?

—O traballo foi unha etapa moi bonita da miña vida. Xurdiu dunha viaxe cuns amigos á illa de São Miguel a finais do 2018. Era a segunda vez que estaba nas Azores e pasounos un furacán por riba. Eu volví a casa pensando que quería escribir sobre as Azores, que para min, son un paraíso na terra. Ese mesmo inverno xunteime co grupo de amigas que menciono na dedicatoria e comezamos cunha serie de reunións periódicas nas que tiñamos que lernos e criticarnos o que escribiamos entre sesións. A verdade é que foi

moi produtivo, porque das catro novelas que se traballaron nese grupo, tres xa están premiadas ou publicadas, e a cuarta é unha marabilla que acabará gañando un premio, seguro.

—Ademais de escritor, vostede é un enxeñeiro relacionado co sector do frío. Talvez tivo algo que ver á hora de elixir un título como “Groenlandia”, pero sen embargo asegura que as Azores son as auténticas protagonistas deste océano de palabras.

—A verdade é que, segundo Facenda, son infinitamente máis enxeñeiro que escritor. Estudei Enxeñería de Minas, especialiceime en Frío Industrial e exerzo a profesión todos os días da miña vida. As miñas lecturas, a miña bagaxe, o meu imaxinario teñen esa orixe e creo que si se nota na miña forma de escribir e no punto de vista que uso para as personaxes. Por suposto, as escenas de mar, as das conserveiras e as das cámaras frigoríficas están influídas pola miña propia experiencia. Porén, o título de *Groenlandia* vén dun sentimento. Unha situación vital que un dos personaxes explica no capítulo homónimo. Pero prefiro non desvelar moito sobre o concepto, e que as lectoras e lectores se atopen con el sen ningunha idea preconcebida.

—Hai tamén pingas de humor. Como se desenvolve vostede nese eido?

—Para min, como dis, a novela é unha novela de aventuras que percorre as illas dos Azores, co amor como motor de todos os personaxes, e un toque de novela policial salpementada con humor. O humor non é o centro da novela, e non é meu, son pequenas frases ou reflexións que algún dos personaxes utiliza nas situacións máis tensas que atravesan cara o final da historia, mesmo cando están cara a cara coa morte. Supoño que só son pingas, ou como esas pebidas de chocolate que, de cando en cando aparecen, nun biscoito inmenso.

—Sabemos de vostede que lle gusta via-xar e que bota de menos xogar ao fútbol cos amigos. Tamén que tocou o bombardino na banda da súa vila durante dez anos e que comezou a escribir en 2016 coa idea de que podería servirle

como terapia antiestrés. Despois de ter gañado máis dunha trintena de premios coas súas obras está en condicións de afirmar que é certo isto último?

—Totalmente. En Galicia cóntanse cos dedos dunha man as escritoras e escritores que viven dos seus libros en galego. A maioría temos unha profesión que dá de comer ás nosas familias. Mentres a miña empresa me deixo, seguirei sendo enxeñeiro e escribindo no meu tempo libre. Son actividades que se complementan. A miña profesión permíteme via-xar, coñecer xente de moitos países e ter experiencias que enriquecen a miña escrita. E a escrita fai gañar en madurez a quen a practica, relativizar os obstáculos e sobre todo levar mellor o estrés.



Fran Fernández Davila

Groenlandia

Comeza o 1995, o ano da guerra do fletán entre Canadá e os pesqueiros galegos que faenan preto Terranova. Un mariñeiro case moribundo é atopado nunha balsa salvavidas e levado ata as Azores. Ali espera sen memoria e, mentres reconstrúe a súa identidade nun dilema entre a lealdade matrimonial e o amor pola enfermeira que o coidou, vese envoltado nunha aventura chea de humor e intriga.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 280 páxinas

ISBN 978-84-1176-173-4

19,90 €

Amador Castro Moure



Pronto hei de volver

Como pano de fondo, a emigración a Venezuela de finais dos cincuenta. A historia de Rosario de Chiquinquirá, unha asasina a soldo, residente no infame barrio de Petare, que quere deixar atrás a vida que leva malia estar convencida de que non existe o "ascensor social". Tamén é a historia de Castor Varela, que quixo ir, mais nunca chegou a poñer un pé en Venezuela. E tamén a de Policarpo Luxilde, que foi sen querer e encargou a morte do Castor. En definitiva, unha historia de vidas cruceiro que só alcanzan a súa razón de ser na existencia das outras.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 176 páxinas
ISBN: 978-84-1110-437-1
18,52 €





Fernando Castro Paredes



Entomoloxía para misioneiros

O vinculeiro dunha potente familia de Capri, presbítero dunha relixión que se concibe a si mesma como a "Fe Verdadeira", desaparece no cumprimento do seu labor misional nun territorio inhóspito habitado por pobos ignotos. Os pais do misionero contratan a un experto antropólogo para localizalo e, se é posible, devolveo á casa. Ambientada nun século XIX imaxinario, a novela constrúe, mediante a diversidade de linguaxes e técnicas narrativas, un universo de ficción onde o espírito aventureiro engarza situacións que contraponen a devoción relixiosa co racionalismo científico e a civilización coa barbarie. Conceptos como "honor", "valentía", "pecado" e "deus" adquiren un novo significado para as persoas en canto se ven sometidas aos avatares do seu destino.


Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 310 páxinas
ISBN: 978-84-1176-152-9
19,95 €



Xosé Neira Vilas Galegos no Golfo de México

Co material que recompilou en sucesivas etapas na súa estadia caribeña, Neira Vilas elabora un relato xornalístico "a partir das experiencias dunha comunidade de emigrantes da miña terra" que se dedicou á pesca nos mares dos litorais de México, Estados Unidos e Cuba. A obra enmárcase "na mellor tradición do xornalismo literario galego", a dicir de Manuel Rivas. Da pluma de Neira saen dezaseis reportaxes que se asentaron na forza das vidas, obras, venturas e desventuras dos personaxes que entrevistou. "Nada máis. Pero tamén nada menos, pois trátase de vidas verdadeiras, latexantes, co seu cunco de heroísmo cotián e anónimo". Con prólogo de Xosé López.


Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 332 páxinas
ISBN 978-84-1176-047-8
21,85 €



Xosé Neira Vilas Historias de emigrantes

Dende A Habana, Neira Vilas fai notables retratos e describe paisaxes dun Buenos Aires que sempre está presente nas súas historias, tanto como na súa vida, iluminando escenas de costumes que teñen que ver cos galegos emigrados e os lugares polos que transitan. Unha vida de emigrantes, coma a súa.


Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 142 páxinas
ISBN: 978-84-1176-045-4
14 €



Álex Alonso O estranxeiro

Manuel María Pereira Nespereira acaba coa vida dun home meténdolle a cabeza nunha bolsa de plástico, na estación de autobuses de Vigo. Tras a súa detención, dá comezo un delirante xuízo no que o acusado trata de xustificar a súa acción. Alonso reformula a novela humorística que afonda nos mecanismos do xénero e amplía as súas estremas.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 152 páxinas
ISBN: 978-84-1110-386-2
16,62 €



Alexandre Plaza Poutás A viaxe do castrexo

Novela histórica que se desenvolve no ano 137 a. C. no marco xeográfico comprendido entre o poboado castrexo do monte do Castro de Vigo e a actual cidade de Braga, en Portugal. O protagonista é un noviño e humilde pescador que, despois de ser condenado a morte inxustamente, consegue escapar do poboado. Tras múltiples avatares chega ata o territorio da tribo dos brácaros, onde se ve inmerso nos enfrontamentos coas lexións romanas comandadas polo cónsul Décimo Xunio Bruto. É a historia dunha viaxe e un canto á perseveranza, á tenacidade, á forza de vontade, á amizade e ao amor, adobiada coa pegada da confrontación de culturas nos primeiros encontros entre os conquistadores romanos e os pobos castrexos do noroeste da Península Ibérica.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 486 páxinas
ISBN : 978-84-1176-058-4
24,22 €

Irene Rega Jul

**Tecendo redes**


Ao día seguinte de asinar o contrato e deixar as súas perenzas no despacho que ía compartir con Bruno Agueiro, este aparece morto. Verónica non tarda en se converter na principal sospeitosa. Sen dúbida tiña motivos para acabar coa súa existencia, pero non era a única. Tecendo redes é unha novela de intriga, que tamén esculca nas miserias da sociedade e nas vítimas dos abusos de poder, na dor do silencio e na culpa.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 252 páxinas

ISBN: 978-84-1176-155-0

18,52 €

Cris Pavón

**Eva e Lucy**


As mulleres protagonistas de Eva e Lucy amosan e agochan as súas estratexias para vivir, para loitar por un lugar no mundo e tamén para acougar a dor. "Andar, facer, falar. Camiños na evolución e camiños en Compostela. Migracións e peregrinacións, sendas que nos conduciron ás palabras e outras que nos fixeron calar. Un debullar nas biografías de antecesoros próximos e remotos, unha pescuda da construción da identidade. E o seu esboroar". Texto da contra capa.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 228 páxinas

ISBN: 978-84-1176-148-2

19,85 €

Xosé M. Eyre


**Ou as dúas estaredes mortas**

"Este libro conta noventa e sete vidas en formato de miniconto. Este libro conta dúas vidas fragmentariamente, páxina a páxina, que poden ser unha, non diría que non, e poden ser tres, se ti te decides a lelo, ou aínda máis, porque o caos é pérfido mentres ti non lle deas forma. Este libro tamén repite unhas cincuenta veces a palabra "ollo(s)". Só ti estás en condicións de saber a razón". Texto da contra capa.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 254 páxinas

ISBN: 978-84-1176-147-5

18,52 €


**Manuel Rivas**
Un millón de vacas

Publicada en 1989, esta obra foi galardoada co Premio da Crítica de Narrativa Galega dese mesmo ano e considérase a primeira grande achega en prosa do autor. Consta de 17 relatos breves independentes entre si e mais un adicional engadido na reedición de 2007. O Manuel Rivas xornalista vai da man do Manuel Rivas literato, enriquecéo. Hai moito matiz e sensibilidade nestas páxinas que anuncian de primeiras divertimento, un xogo, unha explosión de humor, pero que axiña afondan tamén na outra cara da realidade, e a menos visible, e invitan a exercer o espírito crítico.

Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-1110-440-1

17,05 €


**Darío Xohán Cabana**
Galván en Saor

O señor Galván, príncipe das terras do norte, compañeiro de Artur nos reinos da Bretaña, viaxa máis alá da xeografía e do tempo e, como aquel Merlín de Cunqueiro, aparece entre nós. Novela de humor e de amor, de aventuras e de tenrura, homenaxe ós antigos mestres da narrativa cabaleiresca e medieval que o autor (tradutor de *A divina comedia* de Dante e do *Cancioneiro* de Petrarca, entre outros textos) tan ben coñecía. A palabra na súa medida xusta, o idioma en todo o seu frescor, a imaxe lírica ben medida para que non apague a historia senón que a eleve.

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-1110-441-8

18,52 €


**Anxo A. Rei Ballesteros**
Loaira

Obra cimeira da literatura galega do século XX, na que Anxo A. Rei Ballesteros traballou durante dez anos. É unha novela radicalmente política e unha apaixonante historia de amor. Escrita nunha prosa espléndida, o autor preserva a emoción, une harmonicamente a comedia e a traxedia, e difunde humor ás carradas. Esta edición ao coidado de Manuel Castela Mexuto corrixe as numerosas grallas que tanto desluciron a primeira de 1992 e suxire unha orde de lectura dos capítulos alternativa, a cal torna un texto tradicionalmente considerado difícil nunha novela fascinante, a mellor recreación artística do mundo estudantil de Compostela nos anos do tardofranquismo e memoria viva das súas pulsións máis imperecedoiras.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 498 páxinas

ISBN: 978-84-8487-629-8

28,45 €


**Pedro Feijoo**
Ninguén contará a verdade

Marosa Vega, unha talentosa xornalista que foi despedida por andar sempre querendo investigar de máis, acepta o encargo dun antigo compañeiro que lle pide axuda para desentrañar un caso de corrupción política que afecta ao presidente da Xunta e que está a deixar un regueiro de vítimas. Construtores, banqueiros, avogados, altos cargos políticos, directivos de medios de comunicación. Todos teñen participación e obteñen beneficios da Administración pública. Un texto de absoluta actualidade sobre a corrupción política e as súas consecuencias en cuxa trama de ficción calquera lector informado pode atopar referentes reais claros.

Xerais Rústica
15 × 23 cm 640 páxinas

ISBN: 978-84-1110-432-6

23,70 €



Alicia Díaz Balado

Alcol

Ao longo da novela, hai referencias a narracións propias da mitoloxía grega e do Antigo Testamento, ben modificadas en harmonía co relato ou ben respectando o seu sentido literal. Inclúense ademais certas profecías nacidas arredor do século XII, atribuídas a personaxes históricos como o francés Xoán de Xerusalén ou a alemá Hildegarda von Bingen. Recóllense breves acontecementos marabillosos narrados no *Libro do Infante don Pedro de Portugal* e a toada que Ariadna recita na súa infancia é "Sur le pont d'Avignon", canción tradicional francesa orixinaria dese mesmo século.

Toxosoutos Rústica
13 x 21 cm 202 páxinas
ISBN: 978-84-126701-1-0
19 €

Pablo J. Rañales






Foto: Miguel Ledo Roca



Os afogados

Unha nova especie animal invade a Galicia do século XXI. Son os afogados, uns seres compostos de cunchas, algas e navallas, que emerxerán do máis fondo do Océano Atlántico. A humanidade terá que decidir como enfrontarse a eles: se dende o relato bélico, a análise científica ou o agarimo. A obra explora a relación coa natureza e a viralización dos discursos de odio, ademais de propoñer unha reflexión sobre a función da ciencia e a paisaxe dentro da sociedade.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 232 páxinas
ISBN: 978-84-1176-160-4
20,09€




Francisco García Novio

Os madrileños non sempre veñen en agosto

Para curar as súas feridas, unha moza que vive en Madrid e que vén dunha ruptura matrimonial retorna á súa aldea natal a mediados do mes de maio. O habitual é que os madrileños volvan en agosto e o feito produce estrañeza na veciñanza. Nada máis chegar soubo que Antón e Paulo, amigos da nenez e compañeiros da escola, están anoxados entre eles de xeito irreconciliábel. A curiosidade obríga a investigar as causas desa inimizade, sen sospeitar as consecuencias que esas indagacións terían para os tres.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 140 páxinas
ISBN: 978-84-19438-58-4
14,90 €




I PREMIO DE NOVELA CURTA "ALÉN" CONCELLO DE ARES

Nones Araújo

A madriña

Era o ano 57 do século pasado. A madriña, muller entrada en anos, obriga ao destino a poñer nas súas mans a vida dunha nena que, filla de pais emigrados, queda baixo a súa tutela. Rexida polos mandamentos divinos e convencida de que o sufrimento e o sacrificio son virtudes e non atrancos, a madriña educa a afillada nunha pedagogía austeria. Só o avó paterno é quen de demostrarlle cariño. Ao regreso dos pais de Venezuela, a vida familiar da nena e dos dous irmáns énchese de gozo pero tamén de desacougos. Pasados uns anos, é na cidade de acollida onde comeza o futuro da pequena xa adolescente. Alí vive descubrertas marabillosas e outras desacougantes que a empurran a medrar á présa.

Hércules Rústica
16,5 x 24 cm 120 páxinas
ISBN: 978-84-19754-14-1
17,10 €




Xaime Toxo

70° Norte

Unha praga contaxiosa con matices de maldición bíblica leva á civilización postindustrial aos límites da desaparición. No medio dunha extinción, sen conciencia do perigo, un pequeno grupo intúe que o paradoxo da salvación radica nas persoas que permaneceron illadas nos remotos contornos dunha natureza tan implacable como imprescindible. A Colonia é como denominan o campamento nómade onde viven. Moverse cara ao norte non é unha opción, senón unha condición de supervivencia.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 232 páxinas
ISBN: 978-84-1176-142-0
20,85€




Pablo Fernández Ans

Xénese, historia dun fracaso

Un autor inexperto, Santos, comeza a escribir un relato centrado na Bretaña francesa no século XVII. Iso na teoría, porque a protagonista, de nome Duasvidas, rebélase e acorda con Santos mudar a historia adiantándoa ao século XXI. Durante o resto do relato o escritor tenta a tropezo reconducir cada capítulo entre as demandas de Duasvidas, ata que pouco a pouco ela se apodera da narración. A historia camiña paralela a cada un dos sete días da creación do libro bíblico da Xénese. Para complicalo aínda máis, Santos decora cada un dos capítulos cunha canción; nunca saberá como remata a súa historia.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 298 páxinas
ISBN: 978-84-19438-63-8
17 €




Silvia Salgado

Verde en el tejado

Verde en el tejado non é unha novela romántica, pero conta unha historia de amor. Narra o momento vital de Olivia Lobo: ten corenta e poucos anos, unha filla que voa soa, un matrimonio en salvavidas e traballa no despacho de avogados familiar, pero quere abrir un atelier de flores coa herdanza que lle deixou a súa nai, unha muller que se foi a morrer con ela, sen tentar a vida xamais. Olivia será capaz de enfrontarse ao seu futuro, entendendo o seu pasado –un pasado familiar difícil– grazas á peculiar relación que establece con outra muller, Virginia, unha acuarelista que pinta flores e vive na cidade de Verona. *Verde en el tejado* é unha historia de amizade, emoción e superación. Ilustra Sarai Llamas. En castelán.

Hércules Rústica
16,5 x 24 cm 168 páxinas
ISBN: 978-84-19754-21-9
19,95 €




Abraham Pérez O paso en falso

Manuel Bugallá é unha especie de Ulises posmoderno que gravita entre tres cidades: Santiago de Compostela, Lugo e Madrid, na procura da composición do quebracabezas que supón a descuberta do mundo e a identidade. O paso en falso pódese ler como unha novela de formación, inclusive de formación do artista; como unha novela política, existencial, de angustia vital, cun sutil fio de humor que tenta retratar unha época e unha xeración devastada pola crise económica ou nada disto, talvez. Un retrato da Galicia contemporánea.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 178 páxinas

ISBN: 978-84-1176-153-6

16,72 €




Loli R. Rodríguez Os nomes de Val

Val foi adoptada a finais dos anos sesenta nunha vila galega. Pasado o tempo tenta desentrañar o misterio da súa orixe e dos seus trazos diferentes, aínda que para iso teña que sufrir e afastarse dos que máis ama. Secreiros, mentiras, loita pola supervivencia, afán de superación, o rancor, a esperanza e o amor forman parte das vidas dos Piñeiro Castro, dende os devanceiros ata a nena "de ollos riscados e pelo negro cortado á altura da caluga". Un calidoscopio humano de personaxes que tratan de abrollar desde a derrota; outros que, para protexerse, se agochan detrás dun pano de dureza.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 274 páxinas

ISBN: 978-84-19438-59-1

17 €




Susana Sanches Arins Cinco corujas

Cinco corujas é un libro a medio camiño entre dous xéneros, a narrativa breve e a poesía. Con una estrutura interna coesa e estilo de fábula, a escrita directa e de aparencia singela de Arins faz-nos reparar em detalhes e reflexões estimulantes. Acompanhado de ilustrações a cor de Andrea López, a proposta é uma obra redonda, com múltiplas camadas de leitura, que nos aproxima à observação atenta dos pássaros. As protagonistas são cinco corujas que andam a aprender a arte do voo.

Através Rústica 14 x 21 cm 100 páxinas

ISBN: 978-84-16545-88-9

14 €




Shirley Jackson Sempre vivimos no castelo

Na casa dos Blackwood, onde viven Merri-cat, a súa irmá Constance e o tío Julian, tratan de manter o seu modo de vida. Pero dende que Constance foi exculpada de asasinar o resto da familia, a xente non os deixa en paz. Cando chega o curmán Charles para facerse un oco entre eles, Merri-cat fará todo o posible por protexer o seu mundo. En tradución de Moisés Barcia. Shirley Jackson (California, 1916-Vermont, 1965) comezou a súa carreira literaria en 1948 coa publicación do seu relato "The Lottery" en *The New Yorker*. As súas novelas xogan co terror e o misterio, con títulos como *The Road Through the Wall*, *Hangsamen*, *The Bird's Nest*, *The Sundial* e *The Haunting of Hill House*. *Sempre vivimos no castelo* é a súa novela máis coñecida.

Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 198 páxinas

ISBN: 978-84-19795-05-2

19 €




Emily Brontë Cumes torboentos

Obra mestra do romanticismo inglés e única novela de Emily Brontë. Narra a trágica historia de amor e vinganza entre dous personaxes atormentados pola súa paixón e polo seu entorno hostil. A obra ten unha estrutura complexa e innovadora que rompe os moldes da súa época. Unha das mellores novelas de todos os tempos que chega ao galego en tradución de L.C. Carballal.

Laovento Rústica
14 x 21 cm 382 páxinas

ISBN: 978-84-8487-649-6

22,75 €




Jackie Kay Trompeta

Ao falecer Jazz Moody, célebre trompetista de jazz, desvelase un aspecto da súa vida allexado á ollada pública. Mentres que a súa viúva, Millicent, se refuxia na aldea escocesa de Torr, o fillo, Colman, acolle o achado con irado descontento. Estes e outros personaxes, amais da intrusiva xornalista Sophie Stones, completarán o relato dun tipo cunha vida xenúna; grazas, en boa medida, ao amor incondicional da súa parella, circunstancia que lle permitiu transcender os convencionalismos e rebelarse contra a visión monolítica das relacións humanas. Publicada en 1998, esta primeira e exuberante novela de Jackie Kay inspirada na vida do músico estadounidense Billy Tipton, acadou o prestixioso Premio de Narrativa auspiciado por *The Guardian*. Traducida do inglés por María Reimóndez.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 320 páxinas

ISBN: 978-84-126007-8-0

15,67 €



Gabriel Celester Barreiro Tlalpotec


Fábulas, mitos e cosmogonías

"Dende neno quero ser deus. Conténtome co rol dun deus cativo, de terceira ou cuarta fila do Olimpo. Porque iso é, no fondo, todo escritor: un deus ocioso que zarandea ás súas criaturas de acó aló coma unha nena os seus monecos, para compensa-la demencia de vivir. Na primeira parte, o autor conserva o aire clásico das fábulas. Na segunda, sen perder de todo o propósito didáctico dos mitos, comprácese en deformar os modelos estereotipados "por pura diversión". A terceira (Cosmogonías) foi un desafío, unha vinganza contra os sanguinarios deuses aztecas, os lumes da Santa Inquisición e, sobre todo, para instar aos deuses a deixarnos un pouquiño en paz, que xa abonda de tantas pragas, políticos e demais calamidades", di o autor.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 188 páxinas

ISBN: 978-84-19438-60-7

17 €




Kenneth Cook

A vinganza do wombat

Kenneth Cook (1929-1987) foi un xornalista, documentalista e novelista australiano, coñecido polos seus relatos humorísticos, de notable éxito, que foron levados á pantalla en varias ocasións. Ademais, montou a primeira granxa de bolboretas do seu país e tamén cofundou un partido político oposto á guerra de Vietnam. O seu recoñecemento como escritor chegou coa publicación da súa primeira novela, *Wake in Fright*, en 1961. A este seguiríanlle uns 20 títulos de ficción e non ficción. *A vinganza do wombat* chega ao galego en tradución de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 170 páxinas
ISBN: 978-84-19795-06-9
16,15 €




Ada Negri

Luceiro da mañá

Luceiro da mañá publicouse en 1921 e deseguida contou co aplauso de crítica e público, talvez por recoñecer na obra a fidelidade ao xénero autobiográfico característico da autora e pola súa aposta formal, cunha estrutura fragmentaria e lírica. Ada Negri conxuga o seu presente co pasado remoto da avoa e, sobre todo, co da nai, Vittoria, unha obreira explotada nunha fábrica á que a miseria obrigou a renunciar a un fillo por non poder mantelo na casa e, emporiso, caracterizada pola súa alegría vital. A cativa que observa e reflexiona converterase máis adiante nunha moza que traballará como mestra. Traducida do italiano por Isabel Soto.

Hugin e Munin Rústica
13,5 × 20 cm 120 páxinas
ISBN: 978-84-126007-7-3
14,50 €




Annette M.B. Meakin

Galicia, a Suíza de España

Annette Meakin chega ao porto da Coruña dende Southampton o 12 de xaneiro de 1907 coa idea de escribir sobre "o menos coñecido dos reinos de España". Os seus textos e imaxes ofrecen un percorrido histórico, xeográfico e etnográfico, e publicáronse ao ano seguinte nun libro que hoxe en día serve de retrato do país que fomos. Traducido por Alberto Álvarez Lugris.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 488 páxinas
ISBN: 978-84-17388-95-9
27,07 €




Bernardo Atxaga

Exteriores do paraíso

Neste libro hai fábulas agudas e iluminadas, versos libres e imaxinativos, relatos melancólicos e cómicos que dan mostra do talento de Atxaga para hibridar xéneros, transitar entre linguas, harmonizar o divino e o humano. Foi traducido ao galego por Isaac Xubín.

Factoría K Rústica
13,5 × 20,5 cm 144 páxinas
ISBN: 978-84-19213-47-1
16,15 €




Marga Cancela

O clamor das virxes

Dende a ficción do realismo máxico Marga Cancela recrea a historia dunha das súas tías, Manola Negreira, quen entre 1939 e 1958 deu voz e visibilidade a un grupo de mulleres de aldea que na adolescencia padeceran en carne propia abusos e violacións por parte dun cacique. O resultado é unha novela sobre o feminismo ou sobre un grupo de mulleres que, sen elas sabelo, foron feministas e que en canto superaron o medo e a vergoña loitaron polos seus dereitos con dignidade.

Medulia Rústica
15 × 21 cm 194 páxinas
ISBN: 978-84-19438-50-8
17 €



Nikolai Gógol

As almas mortas

O autor buscaba retratar a Rusia toda nesta obra, nun argumento que lle foi proposto polo seu bo amigo e escritor Pushkin. A historia dun pequeno terratenente que se dedica a mercar labregos mortos para rexistralos como vivos e enriquecerse ao conseguir as terras que o Estado concedía por certo número de servos. Isto dálle pé a Gógol para ofrecer unha visión realista da condición humana dun xeito descarnado, próximo á caricatura. Un clásico vixente que mostra as miserias dunha sociedade. Vladimir Nabokov dicía de Gógol que foi "o máis estraño poeta en prosa que xamais produciu Rusia". A tradución é de Lourenzo Maroño Buxán.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 594 páxinas
ISBN: 978-84-1176-157-4
23,75 €




VV AA

Contármonos

Reúne catorce voces nun volume que xorde a partir do Obradoiro da Escrita impartido por Eli Ríos e impulsado en 2021 e 2022 polo Concello de Santiago co apoio da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Son textos creados arredor de historias de vida das mulleres. Daquelles obradoiros naceu o colectivo Comadres das Letras. Moitas das autoras estréanse na literatura con esta publicación: Carmen Villar Alonso, Ana Lorenzo Blanco, Lorena Gómez Calvo, Isabel Crieiro Galego, Beatriz Guerra García, M. C. García, Chus Prol Gómez, María Álvarez Landesa, Óscar Monti, Flora Miranda Pena, Marga Castro Rey, Eva Teixeira Suárez, Nela Valado e Marta Abal Vaquero.

Alvarellos Rústica
21 × 14 cm 262 páxinas
ISBN: 978-84-18567-43-8
17,57 €




Alice Walker

A cor púrpura

Celie, "pobre, negra e fea", vive no sur dos Estados Unidos, casada cun home violento a quen teme e odia. A súa irmá Nettie vaixe de misioneira a África. Coa esperanza de reencontrarse e para liberarse da dor, ambas manteñen durante trinta anos unha correspondencia que non espera resposta: Celie escribelo a Deus, e Nettie escribelo a Celie unhas cartas que nunca recibe porque llas agacha o seu marido. Tradución do inglés de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 282 páxinas
ISBN: 978-84-19795-07-6
21,85 €



Sophia Morrison

Contos da Illa de Man

"Esta escolma de contos foi publicada orixinalmente en 1911 da man de Sophia Morrison quen se preocupou de recollelos antes de que desaparecesen do imaxinario popular e mentres as verbas en Man aínda os enriquecían. Tempo despois, no 2013, Bob Carswell fixo unha reedición e engadiu outros contos que non estaban na primeira versión. Ese libro, ilustrado con fermosura por Julia Ashby, é unha pequena obra de arte. Ademais, co afán de manter viva a súa cultura, inclúe a gravación de quince das historias ali escritas onde se aprecia con claridade o sabor que o inglés foi adquirindo nesta terra". Milagros Torrado Cespón, tradutora da obra.

Medulia Rústica
21 × 29,7 cm 154 páxinas
ISBN: 978-84-19438-57-7
17 €

Bill Martin Jr. e Eric Carle



Bill Martin Jr. / Eric Carle

**Oso pardo, oso pardo,
que ves aquí?**

Kalandraka



Oso pardo, oso pardo, que ves aquí?

Un oso pardo, un paxaro vermello ou un cabalo azul son algúns dos curiosos personaxes que se asoman ás páxinas deste divertido álbum acartonado de Eric Carle, ideal para aprender as cores e os nomes dos animais. Tradución de Iago Nicolás.

Kalandraka Cartonado 12,5 x 18 cm 28 páxinas

ISBN: 978-84-1343-231-1

15,20 €

Outros libros cartonados de Eric Carle

Da cabeza aos pés

Kalandraka Cartonado
12,5 x 18 cm 28 páxinas
ISBN: 978-84-1343-232-8
13 €

Unha eiruga moi larpeira

Kalandraka Cartonado
29 x 21 cm 32 páxinas
ISBN: 978-84-1343-246-5
15,20 €

A araña moi ocupada

Kalandraka Cartonado
28,5 x 20,5 cm 32 páxinas
ISBN: 978-84-1343-226-7
15,20 €



VV AA

Minilibros imperdibles 7

Sete monstros e un gato, Soños á beiramar, Chuvisca, O osiño Chispa, Tartaruga vs. Lebre, Moncho e a mancha e A viaxe de mamá.

Kalandraka Rústica 7 x 7 cm

ISBN: 978-84-1343-263-2

11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

En castelán:

Minilibros imperdibles 7

ISBN: 978-84-1343-264-9

Outras caixas dispoñibles:

11 € cada estoxo

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Minilibros imperdibles 1

ISBN: 978-84-8464-306-7

Minilibros imperdibles 2

ISBN: 978-84-8464-307-4

Minilibros imperdibles 3

ISBN: 978-84-8464-353-1

Minilibros imperdibles 4

ISBN: 978-84-8464-413-2

Minilibros imperdibles 5

ISBN: 978-84-8464-059-2

Minilibros imperdibles 6

ISBN: 978-84-1343-106-2

Á VENDA
O 28 DE
NOVIEMBRE

Małgorzata Swędrowska e Joanna Bartosik



Małgorzata Swędrowska - Joanna Bartosik
AVOAS E AVÓS

verdemar

Avoas e avós

Creado polas autoras polacas Małgorzata Swędrowska e Joanna Bartosik, mostra, dun xeito divertido e rachando cos clichés tradicionais, o día a día de avós e avoas nos fogares, vistos desde os ollos dos seus netos e netas. Os contos desenvolven outra mirada sobre as familias. Quen é a avoa e o avó? Que fan cada día? Que desexan? Traducidos do polaco ao galego por Ana Garrido. Coa supervisión de María Reimóndez. Textos en maiúsculas.

Alvarellos Cartonado 20 x 20 cm 52 páxinas

ISBN: 978-84-18567-50-6

15,20 €



Małgorzata Swędrowska - Joanna Bartosik
MAMÁS E PAPÁS

verdemar

Mamás e papás

A través de 50 escenas ou viñetas vaise retratando, ilustrando, o día a día de pais e nais que rachan cos clichés tradicionais nas súas vidas cotiás e o seu papel nos fogares. Olladas dende o punto de vista da xente máis nova da casa, vanse sucedendo situacións divertidas, soñadoras e poéticas. En letras maiúsculas. Traducidos do polaco ao galego por Ana Garrido. Coa supervisión de María Reimóndez.

Alvarellos Cartonado 20 x 20 cm 52 páxinas

ISBN: 978-84-18567-49-0

15,20 €



Małgorzata Swędrowska - Joanna Bartosik
IRMÁS E IRMÁNS

verdemar


Irmás e irmáns

Cincuenta escenas ou viñetas que amosan o día a día entre irmáns e irmás vistos desde os ollos deles mesmos. Traducidos do polaco ao galego por Ana Garrido. Coa supervisión de María Reimóndez. Textos en maiúsculas.

Alvarellos Cartonado 20 x 20 cm 52 páxinas

ISBN: 978-84-18567-51-3

15,20 €



Claudia Souza

Dentro deste libro viven dous crocodilos

O protagonista deste conto da psicóloga infantil brasileira ten medo aos crocodilos e dous deles, enormes, asexan dentro do mesmo libro. A el non lle pon medo case nada, nin a escuridade, nin os tiburóns, nin os sitios pechados ou solitarios. Só teme os crocodilos. Pero axiña descubrirá que as persoas somos máis fortes e meirandes ca os nosos temores, e que este medo que sente, axiña marchará. Traducido por Quique Alvarellos e supervisado por María Reimóndez. As ilustracións son de Ionit Zilberman.

Alvarellos Cartonado 21 x 25 cm 32 páxinas


ISBN: 978-84-18567-47-6

En castelán:

Dentro de este libro viven dos cocodrilos

ISBN: 978-84-18567-48-3

15,20 €



Adelaida Vidal

E que vai ser?

Divertida historia na que unha nai responde de formas ben sorprendentes cando dende o inicio da xestación amigos e parentes lle preguntan seguido que vai ser a criatura que está agardando. Tanto importa? Obra gañadora do IV Premio Fina Casallerrey de Literatura Infantil pola Igualdade. Ilustrada por María Montes.

Baía Cartonado 15 x 19,5 cm 30 páxinas

ISBN: 978-84-9995-434-9

15,10 €



Núria Figueras e Anna Font


A visita

Un álbum orixinal que anima a gozar da soidade e do silencio. Unha proposta necesaria nunha sociedade saturada de "ruído". A tradución é de Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 22 x 28 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-1343-259-5

15,20 €



Boniface Ofogo e Marc Taeger

O elefante que perdeu o seu ollo

Unha viaxe ao corazón de África a través dunha fábula sobre a importancia da tranquilidade para afrontar as dificultades. A tradución é de Manuela Rodríguez.

Kalandraka Cartonado 21 x 26,5 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-261-8

15,20 €



Mercedes Pacheco

A pequena Kuna

Na comarca indixena panameña de Kuna Yala hai unha illa na que a pequena Kuna vive coa súa familia en harmonía coa natureza. Cun texto que combina prosa e poesía, Mercedes Pacheco describe os costumes na illa e como a vida da pequena vai mudar coa chegada dun navegante. As ilustracións son de Vanesa Álvarez.

Galaxia Rústica 14 x 27,5 cm 70 páxinas

ISBN: 978-84-1176-156-7

15,20 €



Juha Virta

Filippa & compañía

Enredo no Nadal

Catro amigos agardan a chegada do Nadal e quedan sen bombóns. Filippa sae buscar máis, pero acaba atopando a Papá Noel. O mesmo lles ocorre ao gato Durmiñón, a Coello e ao asno Antero. O texto de Juha Virta e as ilustracións de Marika Majala crean un mundo imaxinario cheo de simpáticas sorpresas. Un conto sobre a amizade, Papá Noel e o que é realmente importante no Nadal.

Hércules Cartonado 26 x 21 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-19754-27-1

En castelán:

Filippa & compañía. Enredo en Navidad

ISBN: 978-84-19754-26-4

15 €



8↑

Victoria García**Un secreto entre as nubes**

"Só hai 26 persoas no mundo que coñecen esta historia. Agora, contigo, imos ser 27. O que che vou contar é difícil de crer, pero prométoche que pasou de verdade, vivíno eu. Seguramente estarás preguntándote por que decidimos non explicarllo a ninguén. A resposta é moi sinxela: se o contássemos tomaríannos por tolos, así que acordamos gardar o segredo e xamais falar deste tema con ninguén. Ata hoxe". Texto da editora. Con ilustracións de Nuria Díaz.

Hércules Cartonado 14 x 21 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-19754-23-3

En castelán:

Un secreto entre las nubes

ISBN: 978-84-19754-22-6

13,50 €



8↑


Sabela Orgueira Viqueira**A maxia da cerámica**

Un relato que recupera a tradición do relato oral coa intervención de seres máxicos do imaxinario popular e que ao tempo dá a coñecer unha parte importante do léxico relacionado co traballo da cerámica para que lectoras e lectores poidan iniciarse nos rudimentos básicos. A autora desenvolve a súa actividade artística no ámbito da artesanía.

Baía Rústica 20 x 20 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-9995-437-0

15 €



8↑

Leticia Costas, María Lado, Daniel Landesa e O Hematocrítico**Caramomia**

O aburrimiento entrou de cheo nas vidas de Roque, Mafalda, Mabel e Brando xogándolles malas pasadas. Están empezando a ver cousas moi estrañas no barrio. É posible que a súa veciña sexa algo máis ca unha anciá encantadora? Será certo que garda relación cos misteriosos roubos que se están producindo na cidade? O Hematocrítico, María Lado, Daniel Landesa e Leticia Costas uníronse para crear Caramomia, un divertido misterio a oito mans.

Xerais Rústica 14 x 21 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-411-1

12,95 €



9↑

Marta Lado**Sibila e a monstruosa festa do Samaín**

Narra a visita dos parentes de Sibila ao cemiterio familiar da aldea coincidindo co Samaín, momento que a nena vampira aproveita para facer trasnadas que aterrozan a súa nai. Unha historia sobre os medos. Nace, por unha banda, do pánico dunha nai a transmitirle á súa filla os medos herdados e, pola outra, introduce a reflexión sobre a necesidade do medo nas crianzas como mecanismo de protección e de formación da propia personalidade. É, tamén, unha historia dos monstros do ideario popular tradicional cun chisco de humor. Con ilustracións de Carlos Lago.

Baía Rústica 13 x 19 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-9995-435-6

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



9↑


Concha Blanco**Eu tamén fun pequena**

Todas as noites, a avoa Concha cóntalles ás súas netas lembranzas da infancia nos anos cincuenta na aldea de Lires, que contrastan coa forma de vida actual. Fállalles do mundo rural da época, da nula presenza da tecnoloxía ou das escasas infraestruturas. A través dos recordos da avoa e das preguntas que fan as nenas abórdanse temas como o coñecemento e respecto polas tradicións, a importancia do esforzo, a valoración da lingua galega, a igualdade de xénero, o compañeirismo, a tolerancia, a xustiza, a paz, o coidado do medio ambiente e o fomento da lectura. Con ilustracións de Dani Padrón.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-1110-407-4

12,95 €



9↑

Monteiro Lobato**O picapau amarelo**

Grazas ao éxito das aventuras de Nariciño, Pedriño, a boneca Emilia, o Vizconde e demais personaxes, o Sitio do Picapau Amarelo volveuse tan famoso que un día sucedeu algo impensable: personaxes de ficción como Brancaneves, Polgariño, Peter Pan, Don Quixote e tantos outros, mesmo figuras da mitoloxía grega, decidiron mudarse á ata entón tranquila propiedade de dona Benta. *O Picapau Amarelo* foi publicado en 1939 en Brasil e por primeira vez agora en galego. A tradución é de Anxo Tarrío.

Hércules Rústica 14 x 21 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-19754-19-6

En castelán:

El picapalo amarillo

ISBN: 978-84-19754-18-9

15,20 €



10↑

Rosalía Morlán Vieites**Cando o avó esqueceu o meu nome**

Versos "con recendo a chuvia e sabor a caramelo" para convivir co esquecemento, rescatar momentos fermosos da vida co avó e plantarlle cara "a ese cruel e feo alzhéimer". Ilustrado por María Belén Rodríguez Pazo. A obra recibiu o accésit no Premio de Literatura Infantil Simbad para o Recordo e o Alzhéimer 2022.

Galaxia Rústica 13 x 20 cm 58 páxinas

ISBN: 978-84-1176-146-8

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Carlos Labraña Mambrú volveu da guerra

Unha nena está desexando explorar o parque infantil que abriron ás aforas da vila. Mentres xoga, encontra por casualidade un boneco enterrado. É un soldado de porcelana que lle conta que viviu na vila hai moitos anos, pero non é quen de lembrar o seu nome nin como acabou nese lugar. Coa axuda da súa familia, a nena intentará recompoñer o crebacabezas para que o boneco poida atopar o seu lugar. Con debuxos de Raquel Lagartos.

Xerais Rústica 14 x 19 cm 80 páxinas

ISBN: 978-84-1110-428-9

12,95 €




Raquel Castro Sobremesas sobre versos

Uxía e a súa avoa Sica elaboran sobremesas mentres lembran os costumes do Courel, a mocidade e infancia dunha anciá que comeza a despoixarse de saberes e recordos. Coas receitas de catorce sobremesas e consellos para preparalas. Debuxos de Diana Pastoriza.

Galaxia Rústica 13 x 20 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-1176-145-1

14 €




Javier Villafañe A volta ao mundo

Santiago sae da casa no seu triciclo disposto a dar a volta ao mundo. Durante o seu percorrido van sumándose un bo número de animais que se convirten nos seus compañeiros de viaxe. Axudándose uns a outros descubren pequenos detalles, reais e ficticios, do mundo que os arrodea. Kalandraka recupera álbum de Javier Villafañe ilustrado por Juan Ramón Alonso, Premio Austral Infantil en 1985, unha historia de estrutura acumulativa con debuxos en técnica mixta, lapis de cor e acuarela.

Kalandraka Cartonado 19,5 x 29 cm 40 páxinas.

ISBN: 978-84-1343-265-6

15,20 €



Paula Señarís Hermilindo esbirra poemas

No mundo mecánico está prohibido pronunciar palabras bonitas. Por iso Hermilindo ten un grave problema xa que debe ocultar que esbirra versos que lle saen do seu corpo de latón. Un día próelle tanto o nariz que esbirra un poema enteiro diante de todos e bótano do seu país. Pero no desterro descubrirá seres fantásticos que lle axudarán a saber por que lle saen palabras fermosas. Ilustrado por Laura Romero Pereira.

Galaxia Rústica 13 x 20 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1176-149-9

11,40 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



José Carou O libro secreto da Filosofía

Acompañando a Eila e Breixo, os dous rapaces protagonistas, o autor propón unha viaxe a través do tempo e doutras dimensións para coñecer os filósofos e filósofas máis importantes da historia e camiñar cara á orixe do coñecemento. Profesor de Filosofía, Carou artella unha narración de ficción coa que convida a pensar e pola que desfilan moitos dos grandes filósofos de todos os tempos. Ilustrado por Sara Valcárcel.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 150 páxinas

ISBN: 978-84-1176-154-3

15,50 €




Leticia Barbadillo A botella de lentellas

Manuel é un neno que pasa moito tempo só na casa. O martes de Entroido bota en falta as orellas que lle preparaba a avoa –agora enferma nunha residencia– e decide facer unhas poucas. Como quere seguir a receita da avoa, emprega a súa botella chea de lentellas para estiralas, que acaba escachando e estrando de legumes o chan. Antes de deixarlle comer as orellas, a avoa sempre lle contaba as historias que esas orellas escoitaran. Agora será Manuel o encargado de imaxinar os relatos que escoitaron os doces que el mesmo preparou. A través deses relatos, que unen tres xeracións dunha mesma familia, o neno protagonista aprende a asumir a ausencia da avoa, a súa realidade social e familiar, e a sentirse un pouco máis unido ao pai. Ilustra Xiana Teimoy.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-1110-409-8

12,95 €



Mark Twain As aventuras de Huckleberry Finn


Huckleberry Finn e o seu amigo Jim foxen polo río Mississippi cara ós estados libres, onde non existe a escravitude. Porén, a viaxe estará chea de atrancos. A tradución do inglés é de Moisés Barcia. Edición con ilustracións en branco e negro de Edward W. Kemble. A ficción de Samuel Langhorne Clemens (coñecido como Mark Twain, 1835-1910) inspírase na súa infancia en pequenas localidades de Missouri e na granxa do seu tío. Con só doce anos, tras a morte do pai, comezou a traballar en imprentas para soste a familia, moito antes de acadar sona mundial como autor popular de literatura xuvenil e pai da novela realista dos Estados Unidos.

Sushi Rústica 16 x 23,5 cm 312 páxinas

ISBN: 978-84-16884-71-1

22,80 €

Lois Pérez




A tribo do mar

Alexandra mira o mar de Burela e soña con goles imposibles; cando virá súa nai de Cabo Verde? Namentres, a miles de quilómetros ao outro lado do océano, o señor Abdallah non sabe de Tihani; onde se metería o rapaz? Terá problemas co vello Mahmoud? Samba estraña moito o seu pai, pois Souleymane marchou hai xa un mes. O Mediterráneo parece agora infranqueábel. No entanto, a "influencer" Dakota Amazing ultima o seu novo "reel". O deserto é "supercool"! Pero o deserto é unha boca que ten sede nun mundo que ten fame. E non hai nada comparábel a Simún. Porque, quen o use desafiado, será envolto polas ondas de area. Unha aventura que mira as feridas do mundo e navega polas súas historias invisibles. Coma unha tribo do mar.

Xerais Rústica
13 x 21 cm 224 páxinas

ISBN: 978-84-1110-404-3

12,95 €



Miguel Martín




Mururoa

Novela que afonda no comportamento humano, tanto a nivel individual como colectivo, diante de noticias que afectan no máis profundo do ser coma se fosen a explosión dunha bomba atómica. Unha rapaza, Iria, desaparece sen rastro ningún, pero deixa un profundo desacougo na súa familia que, de súpeto, aprende que significa a palabra "amor" logo dunha vida en que cada quen ía ao seu. A desaparición da moza levará a todos a reflexionar sobre os seus sentimentos e a dependencia con quen nos rodean. Ao tempo, algo pasa na vila, que tronza o cotián e que lembra ás xentes do lugar a vulnerabilidade fronte a unha falsa sensación de protección.

Galaxia Rústica
13 x 21 cm 258 páxinas

ISBN: 978-84-1176-127-7

16,15 €



María Reimóndez Furia

A historia dunha moza que se enfrenta á perda e á dor; unha reflexión sobre os afectos e o valor verdadeiro; un canto de amor ao boxeo e unha constatación da importancia de ter sempre alguén que guíe á hora de evitar os golpes eludibles e acompañe para encaixar os inevitables. Tras a morte da súa nai, Cecilia, unha adolescente de dezaseis anos, non sabe como convivir coa dor. Por se non fose pouco, unha pandemia, un cambio de casa, a precariedade e a incomunicación coa súa tía avoa enchena de rabia ante o mundo que a rodea. Cando semella que nada podería empeorar máis, atópase co boxeo. Grazas a este deporte e a unha serie de persoas que a acompañarán, Cecilia atopa a confianza nas propias forzas para buscar unha vida plena, para dar co seu lugar seguro.

Xerais Rústica
13 x 21 cm 196 páxinas

ISBN: 978-84-1110-413-5

12,95 €



Jo Witek e Jimena Estibáliz

Teño 14 anos, e non é unha boa nova

Unha historia chea de esperanza sobre unha terrible realidade que sofren cada ano doce millóns de nenas no mundo: o matrimonio infantil. Tradución de Antía Veres Xesto e ilustracións de Jimena Estibáliz.

Faktoria K Rústica
15 x 23 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1343-253-3

17,10 €



Davide Morosinotto A flor perdida do xamán de K

Perú, 1986. Laila ingresa na clínica neurolóxica de Lima e non pasa desapercibida: filla dun diplomático finlandés e co cabelo moi louro. Especialmente para El Rato. Os dous atopan accidentalmente un estraño diario, escrito por un tal doutor Clarke, e quedan fascinados polo debuxo dunha flor rara utilizada polos xamáns da tribo de K, que ten un gran poder curativo. Os dous amigos pretenden encontrar a Flor Perdida que quizais poida curar a Laila. E cambiar o destino de ambos. Comeza así unha longa viaxe que os levará dende os Andes ata a selva amazónica, desafiando terroristas, narcotraficantes e unha natureza maxetosa e terrible. A tradución é de Moisés Barcia.

Sushi Rústica
14 x 21,5 cm 448 páxinas

ISBN: 978-84-16884-74-2

23,75 €



Esteban Folgar Brea Meigas

Novela sobre meigas, pero non as que rouban nenos, invocan diaños, botan mal de ollo e lle fan mal á xente que non o merece. As desta novela fan grupos de WhatsApp, vixian que ninguén salte unhas normas determinadas e axudan a quen o pida, pero tamén discuten e se enfadan unhas veces, e bailan e van xuntas de festa outras. Como Xiana, unha rapaza de 16 anos, neta de meiga, que se vai presentar ás probas de selección para tamén se converter en meiga e ocupar un dos postos no aquelarre. Pero xunto a ela hai máis candidatas que queren o mesmo, e só hai dúas prazas!

Galaxia Rústica
13 x 21 cm 172 páxinas

ISBN: 978-84-1176-144-4

14,65 €

Chus Pato




Foto: Jesús Castro Yañez

Sonora

"Sonora é unha conversa entre o poema e a morte. Sonoro é o ollo do lago: algo cae e produce nove acordes, nove ondas no fulgor da noite. Sonora é a alianza que se herda, o anel que grava o nome na cara interna do metal. Sonoro é o coito, a éxtase. Sonora, a orfandade materna que sitúa a escrita deste libro na rompena da estirpe". Texto da contracapa.

Xerais Rústica
14,5 x 222 cm 168 páxinas
ISBN: 978-84-1110-438-8
12,95 €



Leticia Eirín, Manuel Ferreiro e Teresa López

Os trobadores da terra de Betanzos


Aproximación diversa a catro figuras orixinarias da terra de Betanzos: os trobadores Pero de Armea, Pero García de Ambroa e Pedro Amigo de Sevilha e mais a soldadeira

María Pérez, a Balteira, protagonista de múltiples cantigas de escarnio e maldizer. Tras unha achega ás figuras destes tres trobadores e da soldadeira, preséntase unha antoloxía das cantigas da súa autoría e unha escolma dos textos sobre a soldadeira de Betanzos, para cerrar o volume cunha selección de poemas contemporáneos inspirados nos trobadores betanceiros e en María Balteira. Cada cantiga vai acompañada dunha versión (libre) ao galego moderno que, en xeral, procurando manter un ton arcaizante clarifica o significado dos diversos elementos lingüísticos do texto. Ademais, de ser o caso, inclúense algunhas notas concretas explicativas de cuestións lingüísticas ou semántico-culturais. Con textos dos profesores da área de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña Leticia Eirín, Manuel Ferreiro



ro e Teresa López, un limiar da betanceira Concha Delgado, e deseño e ilustración de portada de Xoán G. Os dous primeiros forman parte do equipo de Universo Cantigas que está a realizar a edición crítica (dixital) da poesía medieval galego-portuguesa. Teresa López é especialista no neotrobadorismo (a poesía inspirada no cancionero medieval) ao que se dedica unha parte do libro.


Biblos Rústica 19,5 x 21 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-15086-55-0
16,15 €



Xosé Daniel Costas De costumes e agoiros do Mar do Norte

"Queimar as redes de camiño ao mar, di o poeta, e volver coas mans ategadas de criaturas con escamas, de medos, da friaxe da pel esvaradiza e aqueloutra certeza que establece o pacto do sangue. Para comer mergullaremos os dedos nas vísceras, para sandar as feridas soterraremos as mans na terra. Fiquen na eternidade do mar de fondo os nomes do naufragio a remoernos as insomnias..." Extracto do prólogo de Anna R. Figueiredo.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 56 páxinas
ISBN: 978-84-19438-54-6
14,90 €



Xesús Afonso Parada Jato Todas as lúas do ano

Todas as lúas do ano desvela as distintas lúas que se poden ver na paisaxe courelá. Este poeta e pintor courelao iniciou a súa prolífica andaina poética tras o pasamento do seu pai. Xesús Afonso Parada é un amante da música e liberdade que lle proporciona a poesía e da beleza calada dos cumes do seu Courel natal.

Toxosoutos Rústica
10,5 x 16,5 cm 74 páxinas
ISBN: 978-84-127489-5-6
10 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Baldo Ramos & Viso Cando non sei volver

"Hai libros que nos len, que nos percorren como camiños desandados, como ríos que nunca desembocan. Un día volverás polas palabras que te atravesan e daquela entenderás por que o verbo volver só se conxuga en primeira persoa". Baldo Ramos (Celanova, 1971), cultiva a súa vocación artística dende os 17 anos, cando comeza a escribir poesía. Ten publicado, entre outros, os libros: *Palimpsesto* (2009) e *Cartografía do exilio* (2014). Recibiu numerosos premios, entre outros, o Celso Emilio Ferreiro, Rosalía de Castro, Concello de Carral, Fiz Vergara Vilariño, e foi accésito do Premio de Poesía Iberoamericana Víctor Jara e do Premio de Poesía Miguel González Garcés.

Galaxia Rústica 23,5 x 15 cm 60 páxinas
ISBN: 978-84-1176-151-2
17,10 €

Luísa Villalta: Unha poeta do pensamento



Foto: Xosé Abad

A Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2024 a Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004) coincidindo co vixésimo aniversario do seu pasamento. Unha poeta do pensamento, en palabras de Pilar Pallarés (poeta da mesma xeración), que empregaba a poesía para pensar o mundo contemporáneo, como ten subliñado Arturo Casas. Creadora dunha obra singular e sólida que a converteu nunha das grandes figuras da literatura galega que emerxeron na segunda metade dos anos 80 e primeiros 90, Luísa Villalta foi unha intelectual comprometida coa vida. O cruzamento entre a poesía e a música é outro dos trazos definitorios dunha autora recoñecida sobre todo como poeta, pero que tamén cultivou con talento o teatro, a narrativa de ficción, o ensaio, o articulismo e a tradución. A súa obra está marcada polo pensamento apaixonado, a procura do rigor e tamén a exploración estilística, segundo destaca a Academia.



Álbum ilustrado

Beatriz Maceda e Eli Ríos

Luísa Villalta, Alma de violino

Luísa Villalta soubo escoitar o silencio e a realidade que lle tocou vivir e plasmalo na súa obra. Comprometida e coherente, teceu os vimbios dunha sociedade equitativa e igualitaria. Esta biografía ilustrada por Laura Suárez conduce ata algunhas das palabras e das músicas que ela ceibou ao vento para recoñecer a unha muller tan polifacética como fascinante.

Xerais Rústica
19,5 x 26,5 cm 48 páxinas
ISBN: 978-84-1110-447-0
15,50 €



Luísa Villalta As palabras ingravidas

Luísa Villalta acariñaba este proxecto cando a morte a sorprendeu. En coidada edición facsimilar, esta obra recolle poemas autógrafos escritos ata apenas unhas semanas antes do seu pasamento e para os que utilizou como soporte o almanaque poético da editora Assirio & Alvim para o ano 2004. É, por tanto, unha sorte de testamento poético, en palabras de Armando Requeixo, director da Biblioteca Luísa Villalta que edita a Xunta de Galicia. Para esta edición mantívose o formato orixinal do almanaque, un caderno no que a escritora verteu os seus poemas empregando tintas de dúas cores. Preséntase nun bonito estoxo con cinta.

Xunta Rústica
12 x 17 cm en estoxo cartonado
ISBN: 978-84-453-5365-3
24,38 €



María Canosa Luísa Villalta, melodía de palabras

María Canosa destaca que Luísa Villalta foi unha visionaria, unha modernizadora da poesía e do teatro, pero tamén unha congruente defensora das raíces e da historia galega. Ademais de na literatura, Villalta destacou na súa faceta musical como violinista: música e literatura conflúen na súa obra e conforman un estilo propio e orixinal. A docencia, entendida como un saber xeral, e a loita por que a xustiza e a igualdade habitasen en todos os ámbitos, son outros dos grandes intereses da autora que se destacan neste libro. "Luísa Villalta foi emoción e compromiso na mesma voz, esa que prestou a tantas causas para poderen ser escoitadas", di a editora.

Xerais Rústica
13,5 x 19 cm 88 páxinas
ISBN: 978-84-1110-442-5
12,95 €



Luísa Villalta Pensar é escuro Poesía reunida (1991-2004)

Esta obra recupera os catro títulos que Luísa Villalta dispuxo en vida para a súa publicación: *Música reservada* (1991), *Ruído* (1995), *Rota ao interior do ollo* (1995) e *En concreto* (2004). Estes versos converteron a autora nunha das voces máis importantes da poesía galega das últimas décadas e consagrárona como unha creadora singular e inimitable. Quedan fóra deste volume os libros póstumos que non tiveron unha edición da que ela puidese responsabilizarse directamente, como é o caso de *Papagaio* (2006) e *As palabras ingravidas* (2020), máis outra produción non recollida en libro e divulgada pola autora en publicacións periódicas e volumes colectivos.

Galaxia Rústica
16 x 22 cm 362 páxinas
ISBN: 978-84-9151-996-6
19,95 €



Luísa Villalta O outro lado da música, a poesía

Foi publicado por primeira vez a finais dos anos noventa abeirado polo contexto da escrita poética e ensaística declaradamente musicais da súa autora, e cualificado no seu día como un convite a nos abismar "polos camiños da metáfora e das semifusas", conscientes de que "poucos ensaios hai tan acertados sobre a música e a poesía" (Lino Braxe). Neste douto e orixinal ensaio lévase a cabo unha relectura da historia da poesía galega procurando nesta a presenza substantiva da música, dende a Idade Media ata as Irmandades da Fala e a época Nós.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-9151-750-4
20,90 €




VV AA

Arredor do rural

A Comunidade de Accións e Saberes Arredor do rural é unha plataforma que aúna a persoas de colectivos rurais moi diversos e outras que pertencen ao eido docente, maioritariamente universitario, de áreas de coñecemento diversas. Xúntanse para aproximar mundos afastados e para visibilizar o medio rural como un lugar de oportunidade para desenvolver futuros profesionais e vitais xustos e sostíbeis. Este libro recolle algunhas experiencias arredor da estratexia de aprendizaxe-servizo, para que o estudantado forme parte de proxectos que están a construír e innovar en aldeas e pequenas vilas.

Toxosoutos Rústica
16 x 24 cm 174 páxinas
ISBN: 978-84-127489-0-1
18,05 €


Xosé Ramón García



Guía das plantas de Galicia

Imprescindible para o coñecemento básico da actual flora de Galicia. O libro comeza cunha introdución xeral que trata da recolección, preparación e conservación das plantas, nomenclatura botánica, posibilidade de ofrece Internet e nocións de xeoloxía. Ademais, en cada especie tratada indícase a categoría con que pode estar no devandito catálogo, así como a posible consideración de invasora pola Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN). Logo, aborda a obra as claves que permiten a determinación ata o nivel de especie ou subespecie, para entrar nas fichas descritivas dos 1.715 taxons (a maioría dos que existen en Galicia), indicándose o nome considerado correcto, sinónimos máis habituais, nomes populares en galego, castelán e inglés, descrición –con especial atención ás características que teñen valor diferencial–, hábitats máis habituais e fenoloxía da floración. Ademais, 1.493 fotografías que ilustran o aspecto xeral da planta ou datos relevantes para a súa identificación. A obra remata cun vocabulario en que se glosan os termos empregados, unha bibliografía básica e un completo índice alfabético.

Xerais Rústica 17 x 24 cm 512 páxinas
ISBN: 978-84-1110-355-8
53,15 €



José Manuel Blanco Prado A devoción popular nos santuarios lucenses

Estudo fotográfico

José Manuel Blanco Prado concentra neste traballo un conxunto de artigos espallados no tempo e en diferentes publicacións nos que analizou moitos dos ritos máis singulares que a día de hoxe se veñen celebrando na provincia de Lugo. Amosa 161 fotografías que están relacionadas con 71 santuarios lucenses e cos santuarios de San Andrés de Teixido (diocese de Mondoñedo-Ferrol) e de Santa Columba (diocese de Lugo).

Dep. de Lugo Rústica
22 x 22 cm 200 páxinas
ISBN: 978-84-8192-590-6
18,05 €




Arturo Casas, Isaac Lourido e Cristina Martínez (Eds.) Xoán González-Millán

A proxección de un pensamento crítico

A partir dos estudos sobre textualidades e discursos literarios, o pensamento teórico-crítico de González-Millán evoluiu durante a última década do século XX até conformar un modelo de análise institucional da literatura e da cultura literaria. O seu último programa de investigación pretendeu delinear una sociología da literatura que puidesse estudar, de una perspectiva interdisciplinar, situacións políticas, económicas e socioculturais de subalternidade como a galega, aínda que o seu modelo fose aplicábel en todo o mundo.

Através Capa mole
21 x 14 cm 184 páxinas
ISBN: 978-84-16545-87-2
15 €



Fernando Ramallo Que pasa co galego?

32 preguntas sobre a situación social da lingua

Que pasa co galego? responde a trinta e dúas preguntas fundamentais sobre a situación social da lingua galega: que é ser neofalante?, canta xente fala galego en Galicia?, falamos todas e todos o mesmo galego?, que significa ser bilingüe?, fala galego a mocidade?, pode facer máis o sistema educativo a prol do galego?, úsase o galego nas redes sociais?, como superar os prexuízos lingüísticos?, como podo eu contribuir ao futuro do idioma?, que sería Galicia sen o galego?, como mudou a situación sociolingüística nos últimos cen anos?... O sociolingüista Fernando Ramallo fai unha reflexión crítica sobre a situación do idioma galego coa finalidade de xerar un debate de transformación social arredor da lingua.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 200 páxinas
ISBN: 978-84-1110-377-0
16,62 €



Paco López-Barxas La palabra sorprendida Diálogos y entrevistas

Paco López-Barxas engade á súa ampla experiencia profesional como xornalista a condición de filólogo, crítico literario e escritor. As súas entrevistas son "pezas substantivas" a dicir de Dario Villanueva, autor do prólogo desta edición, na que se recollen conversas con Julio Cortázar, Vargas Llosa, Mario Benedetti, Ernesto Cardenal, William M. Sherzer, Carolyn Richmond, Francisco Ayala, Dru Dougherty, Cardoso Pires, Camilo José Cela, Eugenio F. Granell, Cruzeiro Seixas, Iván Tovar, Claudia Piñeiro, Pere Giné, Antonio Gamoneda e Nélida Piñón. O repertorio de temas tratados é tamén moi suxerente: o poder, a política e a literatura, o compromiso do escritor, a represión e o exilio, o surrealismo e o neorrealismo, entre outros moitos. En castelán.

Medulia Rústica
15 x 23 cm 252 páxinas
ISBN: 978-84-19438-52-2
18,90 €



Luís Lamela

A loita dos perdedores

Razón e xénese da guerrilla antifranquista en Galiza

Pleno de pegadas, de vestixios e de rostros, este libro trazouse o obxectivo de enfocar e talvez interpretar, certos acontecementos históricos co fin de contribuír á creación dunha imaxe máis humana da loita guerrilleira antifranquista. O autor buscaba reflectir algúns datos histórico-biográficos dos personaxes máis relevantes, as escasas biografías daqueles guerrilleiros que poboaron unha historia que se estendeu desde 1936 ata o ano 1965.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 302 páxinas

ISBN: 978-84-8487-635-9

23,70 €



Manuel Cabada Castro

Recompondo un país magoado

Esta obra contén relatos, propostas, reflexións e denuncias sobre a reivindicación de Galicia, da súa dignidade, da súa historia esvaecida, da súa propia lingua e liberdade. Recolle escritos xa publicados en diversos tempos e medios de difusión, reunidos agora segundo a orde cronolóxica en que se recolleron. Diversos estilos acceden a contidos temáticos con núcleo interno que os une. Unha introdución á complexidade da Galiza e a súa identidade.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 228 páxinas

ISBN: 978-84-8487-631-1

18 €



Ramón Mariño Fernández

Fanzines en Galiza

Unha breve e intensa historia da autoedición galega

Os fanzines ergueron as súas voces na década dos 90 e nas alboradas do século XXI. Nas súas páxinas palpita o pulso da xuventude farta dun mundo gris e inxusto. "Este libro é máis que unha crónica. É un chamado ao espertar", di a editora. "O fanzine galego é o facho ardente na noite escura, a chama que alumea o camiño da creatividade sen amarras. Que estas páxinas sexan o primeiro paso para os curiosos e os soñadores, unha porta entreaberta a un universo vasto, onde cada páxina agocha sorpresas infundas e onde a *intra-historia* agarda, agacha entre liñas e imaxes, ser desvelada".

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 100 páxinas

ISBN: 978-84-8487-651-9

11,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (Coord.)


A Tansición en Galiza

Mostra do traballo que realiza a Cátedra de Memoria Histórica da Universidade de Coruña que dirixe o profesor Uxío-Breogán Diéguez co decidido apoio do Concello da Coruña, en favor da posta en valor da memoria histórica democrática. Un volume no que se presentan, en síntese, catorce investigacións centrais para comprender a Galicia da Transición. A Cátedra creouse oficialmente no outono de 2018 e comezou a estruturarse a principios de 2019. Deu lugar á publicación de tres libros, a realización de varios seminarios e xornadas, a inauguración de dúas exposicións (Galiza Mártir. Da queda republicana ao non ano 2020; e A Galiza da Transición, no ano 2021) e a organización dun congreso sobre a Transición en Galicia realizado neste ano.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 376 páxinas

ISBN: 978-84-8487-637-3

23,70 €



Alba Garrido Fernández

Dende 1940, preto de 9.300 españois pasaron polas instalacións de Mauthausen e doutros campos de concentración do III Reich, deles, máis de douscentos eran galegos, dos que moitos non chegaron a ver a fin do conflito. Os superviventes principiaron unha nova e longa etapa no exilio que iniciaran tras o comezo da Guerra Civil, e que, no caso de moitos, non rematou tras a morte do ditador. Este traballo de investigación histórica procura dar luz sobre as orixes, contextos, traxectorias vitais e experiencias daqueles galegos que remataron nos campos de exterminio da Alemaña nazi, para que o seu doloroso transitar non quede no esquecemento, construíndo, ademais, unha base sólida para futuras investigacións.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 198 páxinas

ISBN: 978-84-1176-052-2

20,33 €



Suso de Toro


Descubrinto Ana Pontón

Nesta obra, o escritor Suso de Toro segue os pasos de Ana Pontón, dende a súa infancia até a actualidade. Trátase do retrato en movemento da politóloga, parlamentaria e portavoz nacional do BNG. Na súa voz destílanse as experiencias do nacionalismo galego, de xeracións de persoas comprometidas cunha causa que se visibiliza como froito dunha estirpe das mulleres galegas.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-1110-430-2

12,95 €



Manuel Pérez Rúa

Galicia, 1981-2021. Autonomía, sociedade e cultura

Conversas con Xosé Luís Barreiro e Ramón Villares

Entre 1981-2021 prodúcese transformacións estruturais como o remate da Transición política, a chegada da Autonomía a Galicia, a consolidación do transvase rural-urbano, o acceso ao poder da socialdemocracia en España, a entrada do neoliberalismo no mundo occidental, o pulo do feminismo, a decadencia da Igrexa católica e a caída demográfica. Nesta entrevista, en diálogo con Xosé Luís Barreiro e Ramón Villares, afóntanse os cambios entre dous séculos.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 370 páxinas

ISBN: 978-84-1176-143-7

23,75€

Mona Eltahawy

Outros títulos da colección Púrpura

Gloria Steinem

A miña vida nas estradas

Cando Gloria Steinem era pequena, o seu pai adoitaba meter a toda a familia no coche e conducir, cada outono, ao longo de Estados Unidos. E así se plantou a semente: Steinem deuse conta de que crecer non tiña por que significar estar sempre no mesmo lugar e comezou unha vida dedicada a viaxar, ao activismo e a escoitar as voces de quen inspira o cambio e a revolución. En tradución de Raquel Senra.

Hércules Rústica 14 x 21 cm 344 páxinas

ISBN: 978-84-18966-66-8

21,75 €

Despentes

Teoría King Kong

Un dos grandes libros de referencia do feminismo e da teoría de xénero, un incisivo ensaio no que Despentes comparte a súa propia experiencia para falar sen andrómenas nin concesións sobre a prostitución, a violación, a represión do desexo, a maternidade e a pornografía, e para contribuír ao derrubamento dos cimentos patriarcais da sociedade actual. En tradución de Raquel Senra.

Hércules Rústica 14 x 21 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-18966-57-6

15,20 €

Roxane Gay


Mala feminista

Cando Roxane Gay se autodenominou -ironicamente- "mala feminista", recoñecía que non podía cumprir cos requisitos de perfección do movemento feminista. Mala feminista é un conxunto de ensaios acedos sobre este movemento na cultura moderna e unha aguda e divertida reflexión sobre como a forma en que consumimos a cultura nos converte no que somos. En tradución de Mª Fe González Fernández.

Hércules Rústica 14 x 21 cm 328 páxinas

ISBN: 978-84-18966-10-1

18,52 €



Hixabs e himes


A través dos seus artigos e acción, a xornalista Mona Eltahawy loitou pola autonomía, a seguridade e a dignidade das mulleres musulmás, atraendo seguidores e detractores. Neste libro fai unha condena definitiva das forzas represoras -políticas, culturais e relixiosas- que reducen millóns de mulleres a cidadás de segunda clase. Recorrendo aos seus anos como activista e comentarista dos problemas das mulleres en Oriente Medio, explica que, dende que comezou a Primavera Árabe en 2010, as mulleres no mundo árabe tiveron que afrontar dúas revolucións: unha loita xunto aos homes contra os réximes opresivos e outra loita contra todo un sistema político e económico que reprime as mulleres en Exipto, Arabia Saudita, Tunisia, Libia, Iemen e outros países. O seu libro é unha chamada á indignación e á acción para enfrontarse a esa "mesura tóxica de cultura e relixión que poucos se senten inclinados a desenlear". Un manifesto motivado pola esperanza e pola furia en igual medida. Traducido por María Fe González Fernández.

Hércules Rústica

14 x 21 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-19754-20-2

17,57 €



Isabel Rodríguez Mate


Eles libres e iguais, elas obedientes pola graza de Deus

A autora analiza como repercutiu a perpetuación dos valores morais da Igrexa católica na discriminación das mulleres durante o proceso de construción do sistema liberal no Estado español e en Galicia (1812-1936), así como na reducida dimensión das protestas promovidas polo descontento fronte a estes agravios. Se ben xa na Constitución de 1812 se enunciaban como principios esenciais do dereito a liberdade e a igualdade dos individuos, as mulleres ficaban excluídas destas premisas até 1931. Os principios vinculados á moralidade serían un puntal clave no contrapeso aos primeiros ecos feministas da Idade Contemporánea en Galicia.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 226 páxinas

ISBN: 978-84-8487-633-5

23,70 €



Héctor Pena

Historia do fútbol feminino en Galicia

A Historia do fútbol feminino en Galicia repasa o longo traxecto de resiliencia e sororidade na relación da muller con este deporte, dende os tempos da pioneira Irene González ata a actualidade, en que a xeración de ouro das Vero Boquete, Mari Paz Vilas e compañía comeza a deixar paso a unha nova fornada de talentos. Narrado cun estilo ameno, pero rigoroso, que se combina con entrevistas ás protagonistas e outras colaboracións de primeiro nivel. Héctor Pena (Compostela, 1985) é xornalista, historiador e doutorando en Turismo Deportivo na UVigo. Gañou o Premio Johán Carballeira de Xornalismo (2023) pola súa Historia inacabada do deporte galego, publicada en Nós Diario, onde é o responsable da sección de Deportes.

Galaxia Rústica
17 x 24 cm 214 páxinas

ISBN: 978-84-1176-132-1

16,62 €



Aurora Marco

Carmiña Sierra


A primeira muller do Seminario de Estudos Galegos


Entre as poucas mulleres que ingresaron no Seminario de Estudos Galegos en 1923, a primeira admitida naquela entidade científica, a poucos días de se constituír, foi unha cesureña que percorreu case todo o século XX, Carmiña Sierra Domínguez (Pontecesures, 1906-Caracas, 1996) foi a primeira muller que ingresou no Seminario de Estudos Galegos a poucos días de se constituír. Estudou Filosofía e Letras en Compostela, obtivo unha cátedra de Literatura Española e exerceu en varios centros de ensino medio fóra de Galicia. Esta monografía de Aurora Marco recupera a súa traxectoria, enriquecida cun cento de imaxes e documentos históricos moi descoñecidos.

Alvarellos Rústica
13 x 23 cm 228 páxinas

ISBN: 978-84-18567-45-2

18,52 €





Carme Fernández-Pérez Sanjulián (Ed.)

Intenso e solidario feminismo

Estudos rosalianos

María Pilar García Negro

Antoloxía de estudos rosalianos publicados por M.^a Pilar García Negro entre 1980 e 2022, desde os inicios do seu labor investigador e publicístico até a actualidade, xa consolidada como autora de referencia neste ámbito. De entre o amplo conxunto da súa produción, para este libro Carme Fernández Pérez-Sanjulián seleccionou quince traballos, dez artigos e cinco capítulos de libro, que considerou representativos dos núcleos de interese de García Negro que, na súa maior parte, resultan de difícil acceso para o público xeral: nuns casos por seren artigos antigos, publicados no seu día en soporte informal ou en libros xa descatalogados; noutros, por estaren incluídos en publicacións de tipo académico, non sempre de acceso aberto. Introducción, escolma e edición de Carme Fernández Pérez-Sanjulián e epílogo de Kathleen March. A dicir da responsable da edición, a lectura secuencial dos traballos permite obter “unha visión integral do seu discurso crítico (o de García Negro) en relación coa obra de Rosalía de Castro e constatar a relevancia das súas achegas analíticas e interpretativas no ámbito do rosalianismo”. Son escritos que teñen contribuído de maneira capital á reinterpretación da obra de Rosalía para rachar coa imaxe terxiversada e reducionista da insigne escritora, fronte á que García Negro postulou unha reavaliación da obra rosaliana a partir da súa preocupación feminista (“columna vertebral arredor da que a escritora articula discursos poéticos e narrativos”) e insistir no carácter transgresor, librepensador e radical da súa produción literaria.

UDC Cartonado 18 x 25 cm 232 páxinas

ISBN: 978-84-9749-873-9


23,75 €



Manuel Murguía

Rosalía de Castro vista por Manuel Murguía

Edición e notas de Victoria Álvarez Ruiz de Ojea, investigadora preocupada pola obra de Rosalía de Castro e a de Manuel Murguía, e prólogo de Xesús Alonso Montero. O libro reúne un material literario especialmente valioso para comprender mellor non poucos aspectos da obra de Rosalía e algúns do carácter e das preocupacións do seu esposo, Manuel Murguía, no centenario do seu pasamento. A esta colectánea engádense dous traballos—pouco coñecidos e importantes—da editora, que conteñen observacións e datos valiosos sobre a visión que Murguía tivo de Rosalía de Castro.



Galaxia Rústica 13,5 x 19 cm

380 páxinas

ISBN: 978-84-1176-060-7


20,90 €

Lois Carré Alvarellos

Murguía, o Patriarca

A biografía inédita de 1953

Abarca desde o nacemento ata 1882, pouco antes do falecemento de Rosalía de Castro. As profesoras Olivia Rodríguez González e Esther García de Lucas destacan no Límiar a minuciosa bibliografía manexada por Lois Carré, nun texto que combina desde certas doses de novela histórica ata extensos apartados “con raíces no Positivismo científico” onde todo debía ser documentado. “Lois Carré presenta a vida de Murguía como exemplar, dentro do contexto do pasado colectivo vivido desde a ideoloxía nacionalista”. A publicación deste novo volume da Colección Rescate coincide coa conmemoración do centenario da morte de quen foi e



é considerado o Patriarca das Letras Galegas.

Alvarellos Cartonado 13 x 20 cm

552 páxinas

ISBN: 978-84-18567-42-1

28,02 €

Mulleres medievais

Textos e imaxes
na lírica galego-portuguesa



BAIXO A COORDINACIÓN DE
Esther Corral Díaz
Yara Frateschi Vieira

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esther Corral Díaz e Yara Frateschi Vieira (Coord.)

Mulleres medievais

Textos e imaxes na lírica galego-portuguesa

Compilación de textos e imaxes que testemuñan a relevancia da muller no marco literario e histórico da lírica galego-portuguesa, un vizoso e variado escenario feminino que atende tanto a figuras históricas como a categorías sociais e relacións colectivas (familiares, sociais e amorosas) para proporcionar unha estampa da muller na lírica medieval en todas as súas facetas. Como complemento, a obra inclúe un detallado estudo da representación feminina nas miniaturas do *Cancioneiro da Ajuda* e dous apéndice que rastrexan os posibles antecedentes na lírica das carjas e a súa evolución no *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende.

USC Rústica 323 páxinas

ISBN: 978-84-19679-59-8


23,75 €

Erica Couto-Ferreira

Corpos

As outras vidas do cadáver

Os nosos corpos son a proba irrefutable da nosa existencia. É por isto que, cando falecemos, o único que perdura, aínda que temporalmente, son os nosos restos, as nosas carcasas. A humanidade, ao longo da historia, conservou os corpos despois da súa morte en forma de esqueletos, momias, corpos petrificados ou embalsamados, pero tamén en forma de reliquias, amuletos ou fármacos. No canto de relatar a historia humana a través da vida, Erica Couto-Ferreira convidanos a facelo a través da morte. Amósanos as formas en que se tratou os cadáveres, como se conservaron para a posteridade e mesmo como se escribiu sobre eles. Unha reflexión, en definitiva, sobre a última etapa da vida ao longo da historia: a morte.



Faktoria K Rústica 13,5 x 20,5 cm

368 páxinas

ISBN: 978-84-19213-45-7

18,05 €

Xesús Fraga

Xesús Fraga (Londres, 1971) é xornalista, tradutor e escritor. Dende 1996 traballa en medios impresos, dixitais e na radio. Traduciu ao galego a obra de autores como Vladimir Nabokov, Jack Kerouac, George Orwell, Sylvia Plath e Julian Barnes, entre outros. Como escritor publicou tanto relatos, *A-Z* (2003), como novelas: *Solimán* (2004) e *Virtudes (e misterios)* (2019), pola que recibiu o Premio Blanco Amor en 2019, o Premio Nacional de Narrativa en 2021 e o Premio da Crítica de Galicia no mesmo ano. *Reo* e *O elefante branco* son dous exitosos libros seus para público xuvenil.

Río Miño

Unha viaxe entre solsticios

Durante seis meses, entre o solsticio de inverno e o de verán, Xesús Fraga percorreu os 315 quilómetros do curso do río Miño, dende o seu nacemento no Pedregal de Irímia, na serra de Meira, ata a desembocadura, na Guarda, pasando tamén polo país veciño. Esta viaxe física e contemplativa está narrada con frugalidade e enxeño, para achegar o fluxo dos regatos do principal río de Galicia, pero tamén as terras que o abranguen, como a Terra Chá, Lugo, Paradelá, a Ribeira Sacra, Os Peares, Ourense ou Castrelo de Miño. "Mesurando un estilo tan lírico como documentado", di a editora, "a narración de Fraga non se limita á dimensión natural do Miño, senón tamén a realizar un percorrido histórico, cultural e sentimental, irmandando escenarios, paisaxes, voces e testemuños únicos, e reflexionando sobre o pasado, presente e futuro tanto do río como do país". Unha obra que convida a redescubrir a "columna vertebral, física e simbólica de Galicia" e deixarse atrapar por paisaxes que suscitan a reflexión.

Faktoria K Rústica
13,5 x 20,5 cm 216 páxinas
ISBN: 978-84-19213-48-8
17,10 €




Foto: Ana Couceiro




Ernesto Codignola e Aldo Visalberghi

As «escolas novas» e os seus problemas

"A Nova Educación prepara en cada neno non só o futuro cidadán, capaz de cumprir os seus deberes para cos seus próximos [...], senón tamén persoas conscientes da súa propia dignidade como seres humanos". Tradución ao galego de Antón Costa Rico.


Kalandraka Rústica
15 x 21,5 cm 208 páxinas
ISBN: 978-84-1343-267-0
18,05 €



Voltaire
O filósofo ignorante

O filósofo ignorante é unha obra tardía e se cadra non das máis coñecidas de Voltaire. É unha colección de textos breves, frescos e irónicos, ás veces tamén frívolo. Reflexións escritas un pouco a voa pluma. O título refírese ao feito de que a tarefa do filósofo sempre queda sen fechar e as súas reflexións nunca chegan ó final.

Toxosoutos Rústica
13 x 21 cm 188 páxinas
ISBN: 978-84-125915-9-0
14 €



Carlos Enrique Pérez
Melodías e voces esquecidas

Un século de escena lírica en Vigo (1832-1931)

Obra que mostra como eran a sociedade, os teatros, os gustos culturais e musicais, e como eses referentes foron cambiando co paso dos anos. Afonda en aspectos como o marco urbano e o contexto social, os espazos escénicos, as compañías líricas itinerantes, as sociedades de recreo e salóns burgueses, a música dos cafés e, por suposto, o desenvolvemento das propias tempadas líricas, coas súas grandes ou modestas estrelas, compositores e obras.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 472 páxinas
ISBN: 978-84-1176-150-5
26,60 €


Música



Mondra
ARDÉN

Artista, cantareiro e bailador, Mondra é un dos nomes prometedores da nova escena musical galega. Este outono presenta ARDÉN o seu primeiro disco, producido por Berto e editado por Altafonte. Trátase dunha experiencia musical, visual e performativa que dialoga coa música tradicional galega. Unha proposta electrónica, luminosa e reflexiva que celebra e reclama, coida e grita, e que abre a porta a unha terra diversa. Inclúe dez temas, algún deles xa coñecidos de colaboracións con Fillas de Cassandra e Aida (Tanxugueiras). Temas: ARDÉN; TRÓUPELE; Sepultura (TICOTI); PUNHETA! (con Fillas de Cassandra); SACODEPULGAS; Berce; RUANDO (con Aida de Tanxugueiras); Beijos de LK; RUMBAMBÁ e CARMELA (con Brassica Rapa).

Altafonte
Referencia: 8429006015399
15 €



Jaime Nogueira Pinto Os Passageiros da Sombra

África profunda, fase final da Guerra Fria dos anos 80. Soldados sul-africanos patrulham num Alouette o delta do Okavango quando encontram, a coberto do capim, o corpo baleado e sem vida de um branco. Poucos dias depois, um grupo restrito de operacionais da CIA reúne-se discretamente numa *safe house* em Georgetown, Washington, para dar início à operação ORIX. O objectivo é saber do paradeiro de Scott Hamilton, *case officer* do governo dos Estados Unidos junto dos rebeldes angolanos em guerra com o governo pró-soviético. Havia duas semanas que saíra ao amanhecer da Base, no Sueste do país, e desde então não dava sinais de vida. Que lhe teria acontecido? Descobrirá algum segredo comprometedor? Estaria o líder dos guerrilheiros implicado no seu desaparecimento? Assim começa um intrincado enredo de acção e espionagem que parte de Washington, passa por Lisboa, Roma, Paris, Macau, Luanda, e acaba nas "Terras do Fim do Mundo".

Dom Quixote Capa mole 15,5 x 23,5 cm 696 páginas

ISBN: 978-972-20-7567-1

28,70 €




José Saramago A Viúva

Em 1947, José Saramago publicou o seu primeiro livro e uma das condições que lhe foram impostas foi a de que o título mudasse de *A Viúva* para *Terra do Pecado*. Assim ficou até aos nossos dias, sem que o autor tenha chegado alguma vez a conformar-se com a alteração. No encerramento do centenário do seu nascimento, Porto Editora recupera o título original escolhido pelo escritor, deixando ainda a caligrafia da capa a cargo de Violante Saramago Matos, a sua única filha, nascida no mesmo ano em que Saramago se transformou num autor publicado. Romance de juventude, conta a história de Maria Leonor, mulher jovem e abastada em terras ribatejanas, a quem cabe viver não apenas o luto pela morte do marido, mas também a culpa por uma relação que desafia um tempo em que as aparências pesam demasiado e no qual todas as ações têm um preço.

Porto Capa mole 14 x 21 cm 328 páginas

ISBN: 978-972-0-03617-9

18,75 €




Fernando Gómez Aguilera José Saramago nas Suas Palavras

Em 2009, Saramago disse: "Creio que me fizeram todas as perguntas possíveis. Eu próprio, se fosse jornalista, não saberia o que perguntar-me. O mal está nas inúmeras entrevistas que tenho dado. Em todo o caso, tenho o cuidado de responder seriamente ao que se me pergunta, o que me dá o direito de protestar contra a frivolidade de certos jornalistas a quem só interessa o escândalo ou a polémica gratuita".

Porto Capa mole 14 x 21 cm 688 páginas

ISBN: 978-972-0-03262-1

26,50 €




Carlo Vecce O Sorriso de Caterina

Caterina é uma rapariga selvagem que corre a cavalo pelos planaltos do Cáucaso. O seu povo é um povo fora do tempo; a sua língua, a mais antiga e incompreensível do mundo. Até que é subitamente arrastada com violência para a História. Capturada em Tana, a última colónia veneziana na foz do Don, inicia uma incrível viagem através do Mar Negro e do Mediterrâneo. Vê as cúpulas douradas de Constantinopla na véspera da conquista turca, vê Veneza erguer-se das águas como num sonho e, finalmente, Florença no esplendor do Renascimento. Mas Caterina é uma escrava.

Casa das Letras Capa mole 15,5 x 23,5 cm 552 páginas

ISBN: 978-989-66-1869-8

25,90 €




Joy Ellis O Filho da Assassina

Há vinte anos um agricultor e a mulher foram assassinados e cortados aos bocados. Agora uma mulher é violentamente esfaqueada na cozinha luxuosa da sua linda casa. Um homem confessa um homicídio. Mas nada é o que parece e prová-lo vai ser a missão dos oficiais da Polícia Rowan Jackman e Marie Evans, mais ainda quando descobrem que Daniel Kinder, que acabara de confessar-se culpado, não se recorda dos primeiros cinco anos de vida e quer obsessivamente saber quem é a sua mãe biológica. Em poucos dias sucedem-se os homicídios, e a verdade acerca da mãe de Daniel vem a lume.

Casa das Letras Capa mole 15,5 x 23,5 cm 368 páginas

ISBN: 978-989-66-1856-8

19,90 €




Paolo Giordano Tasmânia

Romance sobre o futuro em que a Tasmânia será um dos melhores lugares para procurar refúgio. Em novembro de 2015, o narrador, um escritor e jornalista com formação científica, desloca-se a Paris para assistir à Cimeira do Clima, poucos dias depois dos atentados jihadistas. A crise que paira sobre a cidade parece espelhar aquela que atravessa a sua relação com Lorenza. Na procura de um sentido para tudo o que está a viver, enquanto prepara um livro sobre os efeitos radioativos da bomba atómica, cruza-se com várias personagens atípicas, que serão mais relevantes do que imagina.

Dom Quixote Capa mole 15,5 x 23,5 cm 304 páginas

ISBN: 978-972-20-7897-9

19,80 €



Hermann Hesse Siddhartha

A obra mais famosa deste Prémio Nobel e um dos livros mais vendidos de sempre, conta a história de Siddhartha, nascido na Índia, no século VI a.C., filho de um brâmane. Passa a infância e a juventude isolado das misérias do mundo, gozando uma existência calma e contemplativa. A certa altura, porém, abdica da vida luxuosa, protegida, e parte em peregrinação pelo país, onde a pobreza e o sofrimento eram regra. *Siddhartha* descreve sensações e impressões como raramente se consegue. Lê-lo é deixar-se fluir como o rio onde aprende que o importante é saber escutar com perfeição.

Dom Quixote Capa mole 15,5 x 23,5 cm 160 páginas

ISBN: 978-972-20-7983-9

18,70 €



Rafael Gallo


Rebentar

O autor nasceu e vive em São Paulo, no Brasil, onde publicou este romance vencedor do Prémio São Paulo de Literatura. A sua voz, sempre acutilante, acompanha o sofrimento desta mãe, Ângela, por vezes num grito ensurdecedor, constante como as ondas que vêm rebentar junto ao pontão onde tenta afogar a dor, outras vezes num grito tão silencioso como a espera ao longo dos últimos trinta anos. "Um filho desaparecido é um filho que morre todos os dias. Nem mesmo nas mitologias mais cruéis há tragédia equivalente; essa dor nenhum deus teve de suportar. Cada noite, ao cair, desaba sobre os pais com o peso renovado da notícia: você perdeu sua criança e ela está naquela escuridão afora, desprotegida. Essa mensagem silenciosa se impregna nas paredes da casa, nos vãos entre os azulejos, nos ponteiros dos relógios e nas páginas dos calendários, nos retratos da família, no chão que se pisa".

Porto Capa mole 15 x 23,5 cm 264 páginas

ISBN: 978-972-0-03726-8

19,85 €



Inês Meneses


Máquina de Escrever Sentimentos

Um diário sem cronologia, em que os dias e as pessoas se contam pelos afetos e a autora volta a eleger como protagonistas as emoções, que são descritas num tom confessional. São partilhas que se encaixam na vida de todos os dias, da autora e na nossa, pequenas biografias de sentimentos comuns que, na cronologia de cada um, adquirem um caráter raro e especial. A perda da mãe, o lugar permanente das saudades, a importância da memória, a bagagem emocional que se carrega a cada nova viagem, o papel da amizade, e o amor como a única forma de se ser pleno num mundo que nos pode esfaquear – eis alguns dos temas desta obra. Com uma sensibilidade rara, a autora reafirma o seu talento pela exímia escolha de palavras e pela forma sempre nova como vê as pessoas e o que as rodeia. As ilustrações são da sua filha, Maria Inês.

Contraponto Capa mole 12 x 19 cm 80 páginas

ISBN: 9789896664121

14,30 €



Rubem Braga


Desculpem Tocar no Assunto

Sendo eminentemente jornalísticas, nas crónicas desta antologia predomina a orientação para a actualidade da prática da vida, a banal e quotidiana, mas também a política, cultural, boémia. E também caracterizada por uma liga rara de humor e ternura, que a torna legível e fascinante, qualquer que seja o facto a que se refere, o assunto (ou o nenhum assunto) de onde sempre provém a surpresa e o encanto da leitura. Rubem Braga (1913-1990), que nasceu no estado do Espírito Santo disse no começo da crónica que dá título à obra: "Vocês desculpem tocar nesse assunto, mas a verdade é que está morrendo muita gente. [...] Eu e um amigo estivemos imaginando uma Cidade dos Mortos que funcionasse mais ou menos como esta em que vivemos: uma cidade em que estivessem vivendo os mortos nossos conhecidos, os nossos mortos. Tinha muita gente, e gente ótima; é verdade também que alguns chatos; isso faz parte".

Tinta da China Capa mole 13,5 x 18,5 cm 288 páginas

ISBN: 9789896717858

16,90 €



Jo Nesbø

O Pássaro de Peito Vermelho

O inspetor Harry Hole, um alcoólico em recuperação, é incumbido de vigiar Sverre Olsen, um neonazi corrupto que escapou à prisão devido a um pormenor técnico. Mas o que começa por ser uma missão com o intuito de colocar Olsen atrás das grades, rapidamente passa a uma corrida contra o tempo para impedir um homicídio. Enquanto Hole se esforça por permanecer um passo à frente de Olsen e do seu gangue de *skinheads*, Nesbø transporta o leitor para a Segunda Guerra Mundial, onde os noruegueses que lutam na frente oriental a favor de Hitler tentam evitar a derrota.

Dom Quixote Capa mole 15 x 23,5 cm 560 páginas

ISBN: 978-972-20-3768-6

22,90 €



Simon Stålenhag

The Electric State

Em 1997, uma adolescente fugitiva e o seu robô de brinquedo amarelo viajam para oeste por uns EUA insólitos. As ruínas de gigantescos drones de combate cobrem o interior, amontoadas com o lixo descartado de uma sociedade consumista de alta tecnologia em declínio. À medida que o seu carro se aproxima da fronteira do continente, o mundo fora da janela parece estar a desfazer-se cada vez mais depressa como se, algures para lá do horizonte, o núcleo oco da civilização tivesse finalmente cedido.

ASA Capa mole 26,5 x 24 cm 144 páginas

ISBN: 978-989-23-5936-6

33,90 €



Susanne Abel


Fique Longe de Greta

Monderath, o famoso apresentador de notícias de Colónia, está preocupado com a sua mãe, Greta, de 84 anos. Quando o diagnóstico de demência surge, fica horrorizado. Até que a doença da mãe se torna uma dádiva: pela primeira vez, Greta fala de si própria: da infância na Prússia Oriental, sobre a fuga dos soldados russos durante o inverno gelado, a saudade do pai desaparecido e os seus êxitos no mercado negro de Heidelberg e do seu encontro com o soldado Robert Cooper. Quando Tom se depara com cartas e fotografias do tempo que se seguiu à Segunda Guerra Mundial, descobre um mistério incrível.

Casa das Letras Capa mole 15,5 x 23,5 cm 560 páginas

ISBN: 978-989-66-1871-1

23,90 €



Sophie Hannah


Hercule Poirot - Noite Feliz

No dia 19 de dezembro de 1931, Hercule Poirot e o inspetor Edward Catchpool são chamados a investigar o assassinato de um homem num sítio inesperado: um hospital. A mãe de Catchpool, a irrepreensível Cynthia, insiste para que Poirot se instale numa mansão decrepita junto à costa, de forma a passarem todos juntos a época festiva enquanto resolvem o caso. Entretanto Arnold, um amigo de Cynthia, está prestes a ser internado no mesmo hospital, e a mulher dele está convencida de que o marido será a próxima vítima do assassino, embora se recuse a explicar porquê.

ASA Capa mole 15,5 x 23,5 cm 320 páginas

ISBN: 978-989-23-5969-4

19,90 €



Bruno Nogueira

Aqui Dentro Faz Muito Barulho

Escrever é o acto de pensamento mais justo. Obriga à escuta cuidadosa das palavras, a recuperar o pensamento que estava fixado e a fazê-lo voltar a mexer-se. Muitas vezes faz com que terminemos com o resultado contrário ao que tínhamos como certo antes de escrever a primeira palavra. Disse o autor que "enquanto escrevia dei por mim muitas vezes a pôr em causa o que pensava antes e a pensar sobre o que isso queria dizer. Não cheguei a conclusão nenhuma, mas ao preparar este livro percebi que as coisas dentro da minha cabeça fazem muito barulho. Ordená-las e escrevê-las é ainda o último reduto de sanidade contra esse ruído. Este livro é uma compilação dessas crónicas que escrevi e que agora vieram para aqui viver todas juntas".

Dom Quixote Capa mole 15,5 x 23,5 cm 240 páginas

ISBN: 978-972-208-074-3

18,90 €



Alix Garin

Não me esqueças

A avó de Clémence sofre da doença de Alzheimer. Perante o seu desespero, Clémence toma a decisão de a tirar do lar e de a levar numa viagem em busca da hipotética casa da sua infância. Uma fuga, uma busca, uma insanidade, uma oportunidade para se reencontrar. A menos que tudo seja, afinal, uma despedida. A autora nasceu em 1997, na Bélgica. A sua vocação para a banda desenhada surgiu quando era ainda muito jovem e foi sem hesitar que começou a estudar banda desenhada na École Supérieure des Arts Saint-Luc, em Liège. Em 2017, ganhou o prémio Jovens Talentos no Festival Quai des Bulles, em Saint-Malo. Em 2018, recém-formada, mudou-se para Bruxelas, sendo então contratada pela agência Cartoonbase.

ASA Capa mole 16,5 x 23,5 cm 192 páginas

ISBN: 978-989-23-5860-4

25,90 €



Jean Luc Fromental e José-Louis Bocquet, Floc'h


A Arte da Guerra

Philip Mortimer e Francis Blake viajam até Nova Iorque, onde o Professor Blake irá falar em Nova Iorque em nome do Reino Unido no último dia da Conferência Internacional de Paz na nova sede da ONU ao lado do East River. O propósito da Conferência é diminuir a tensão entre Oriente e Ocidente que ameaça a paz mundial. O objetivo é louvável mas é frustrado na mesma noite em que os homens chegam, quando a polícia prende um homem por vandalizar o famoso Cippus of Horus, a estrela exposta na arte egípcia do Departamento do Museu Metropolitano.

ASA Capa mole 13,5 x 21 cm 240 páginas

ISBN: 978-989-23-5929-8

21,90 €



Maria José Sousa


A Nossa Cozinha

A autora traz-nos receitas de norte a sul de Portugal, cheias de tradição mas simples para fazer em casa. Nada como começar uma refeição com uns Carapaus de escabeche ou uns Peixinhos da horta, ou aconchegarmos o estômago com uma Açorda alentejana com ovos e bacalhau ou Sopas de batata com beldroegas. Ou um almoço de domingo, com uma Feijoada de chocos (à moda do Algarve) ou uma Meia-desfeita. E deliciarmo-nos com um Arroz de pato ou uma Galinha tostada com migas de tomate. Já para não falar das tradicionais Farófias ou a uma bela fatia de Sericá com ameixas de Elvas.

Casa das Letras Capa mole 16,5 x 23,5 cm 192 páginas

ISBN: 978-989-66-1892-6

23,90 €



Guida Cândido


A Vida Secreta da Cozinha Portuguesa

Escabeche, pataniscas ou caldeirada. Cozido, tripas ou rojões. Caldo-verde, favas guisadas ou peixinhos da horta. Bolo-rei, arroz-doce ou rabanadas... Enfim, se é português, todos estes pratos lhe dizem certamente alguma coisa (ou muito!) e estão entre o que de mais tradicional se pode encontrar na cozinha do nosso país. Mas fará ideia de quando nasceram estas iguarias e em que livros ou manuscritos apareceram pela primeira vez? Guida Cândido é especialista em História da Alimentação e autora premiada de obras de gastronomia fundamentais.

Dom Quixote Capa mole 16,5 x 23,5 cm 272 páginas

ISBN: 978-972-20-7000-3

23,20 €



Luís Valadares Tavares e João César das Neves

Portugal


Porquê o País do Salário Abaixo de Mil Euros?

Quase 50 anos depois do 25 de Abril, mudou muito mas podíamos e devíamos ter mudado muito mais; tivemos ciclos relevantes de transformação e mobilização da sociedade, mas desde o início deste século que andamos sistematicamente a baixar de divisão na Europa; a maior e mais preocupante consequência prática deste nivelamento por baixo está nos salários médios de mil euros.

Caminho Capa mole 15,5 x 23,5 cm 192 páginas

ISBN: 978-972-20-7908-2

17,60 €



Stephen Wolfram

O que Faz o ChatGPT e Como Funciona

Que o ChatGPT se tornasse um dos assuntos mais importantes em todo o mundo, ninguém previa. E muito menos fosse uma forma de inteligência capaz de escrever com um estilo tão semelhante a humanos. O autor oferece-nos uma simples e acessível explicação, assente numa vasta experiência nas áreas da ciência e da tecnologia, para descobrir como o sucesso de ChatGPT é baseado na combinação da tecnologia neuronal mais recente com questões sobre a linguagem e o pensamento humano colocadas por Aristóteles há mais de dois mil anos.

Casa das Letras Capa mole 15,5 x 23,5 cm 144 páginas

ISBN: 978-989-66-1831-5

14,90 €

Diego Ameixeiras e Tomás Guerrero

Diego Ameixeiras (Lausanne, Suíza, 1976) é escritor e xornalista. Escribe en *La Voz de Galicia* e *O Salto*. Publicou en Xerais todas as súas novelas: *Baixo mínimos* (2004); *O cidadán do mes* (2006); *Tres segundos de memoria*, Premio Xerais de Novela (2006); *Dime algo sucio* (2009), Premio Especial da Dirección da Semana Negra de Xixón; *Asasinato no Consello Nacional* (2010), Premio Irmandade do Libro ao Mellor Libro do Ano; *Historias de Oregón* (2011), Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia; *Todo OK* (2012); *Matarte lentamente* (2013); *Conduce rápido* (2014), Premio Losada Diéguez de Creación Literaria 2015, finalista Premio Hammett 2017; *A noite enriba* (2015); *A crueldade de abril* (2018) e *O cervo e a sombra* (2021), Premio Nacional da Crítica, Premio Follas Novas, Premio Pata Negra-Domingo Villar e finalista do Premio Hammett.




Foto: Iván Barreiro

Os suicidentes

Marion leva tempo sendo unha suicidante. Unha operaria da destrución. Aplaca o suplicio mental dos seus clientes a cambio de diñeiro. Mata, elimina, liquida. Pertence a unha banda armada que opera contra o réxime, pero sen cuestionar a súa brutalidade. Acontece nunha cidade do futuro, devastada por un réxime económico fóra de control, onde os individuos son arrastrados cara ao abismo. Un camiño que ninguén querría percorrer: o da morte autoproducida, executada coas propias mans. As mentes están atravesadas por unha angustia indefinible e centos de vidas causan baixa definitiva cada día para un sistema que só busca a supervivencia da produción. Pero Marion, a pesar de todo, é unha resistente. E non só porque estea evitando inflixirse a morte, senón porque nela comeza a nacer unha resposta a esa tiranía que alimenta, contra os seus propios intereses, a propagación dunha doenza chamada "A gran dor". Ata que chegue o día en que quizais mude o vento da traxedia. *Os Suicidentes* é a primeira novela gráfica de Diego Ameixeiras como guionista.

Xerais Rústica
20,5 x 28 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-1110-439-5
18 €

Andrés Castro García, Ozo Perozo e Alexandre Senande Díaz

Sentinelas da lúa carmesí

Desde os albores dos tempos, seres míticos e humanos coexistían en paz e harmonía. Pero un día, os homes comezaron a perseguir o que non comprendían. Tres mou-
ras foron confundidas con bruxas e condenadas á fogueira. Unha delas fuxiu, propagando unha maldición que case acaba coa humanidade enteira. As criaturas mitolóxicas acordaron entón manter a moura encerrada mediante un conxuro ligado á non intervención do humano devir. A lenda di que unha cría humana será quen volverá unir ambos os mundos...

Galaxia Rústica 17 x 24 cm 64 páxinas

ISBN 978-84-1176-162-8

15 €

Paco Hernández e José Ángel Ares



En camiño

Emma, unha debuxante de cómics na trintena, acaba de romper coa súa parella e, guiada por un impulso, preséntase en Roncesvalles coa mirada fixa en Santiago de Compostela. Co paso dos días –e acompañada dalgunha que outra bocha inesperada–, irá decatándose de que o camiño que percorre achégaa e afásta de todos os que a rodean, que o peso da mochila non só o enchen os vinte quilos de roupa e as dúas tixolas que leva, e que o que cría que sería simplemente poñer-se a andar e botar quilómetros ao lombo, converterase en toda unha aprendizaxe, non só pola xente que cruzará no traxecto, senón por todo o que descubrirá sobre ela mesma.

Galaxia Rústica 17 x 24 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-1176-161-1

17,96 €



René Goscinny, Fabcaro, Albert Uderzo e Didier Conrad

Astérix

O lirio branco

Aventura número corenta na que o guionista Fabrice Caro bota man dunha nova corrente de pensamento que terá un efecto benéfico nos campamentos romanos que rodean a famosa aldea gala. En tradución de Xavier Senín, Isabel Soto e Alejandro Tobar.

Xerais Cartonado
22,5 x 29,5 cm 48 páxinas
ISBN: 978-84-1110-380-0

10,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Fágase socio/a de Biblos e só por 15 euros ao ano recibirá:

Unha revista bimestral

- As novidades editoriais galegas ou sobre Galicia
- Unha selección de excelentes obras de Portugal e os países lusófonos
- A mellor música galega, portuguesa, brasileira...
- O cine galego e o internacional con audio en galego ou portugués

E ademais...

- Os mellores prezos en todos os títulos
- E os gastos de envío a tan só 1€ dentro do conxunto do Estado español

Biblos
CLUBE DE LECTORES



Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña
Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039
suscriptores@biblosclube.com
www.biblosclube.com

Biblos n.º 125 · NOV-DEC · ISSN: 977-1697-7440



9 771697 744034